SARRIAXA

NOVEMBRO - 2026 Nº 67 WWW.SARRIAXA.COM EXEMPLAR GRATUÍTO

sarria
O pleno aprobou reordenar a parcela da Fortaleza, eliminando do proxecto unha rúa. **Páx. 3**

paradela
Xa está aberto o prazo para presentar obras á XXXII edición do Certame Literario. **Páx. 10**

samos
A nova sala multiúsos municipal xa leva o nome de Yolanda Díaz Gallego. **Páx. 12**

o páramo
A biblioteca do Concello porá en marcha este outono un club de lectura aberto. **Páx. 13**

láncara
O Club de Pesca Río Neira reclama que o segundo tramo do couto de pesca sexa sen morte. **Páx. 14**

Veciños piden o dobre sentido na rúa Gran Vía



Darío Piñeiro, alcalde de Láncara

O rexedor confirma que se presentará ás eleccións municipais de maio de 2027 para seguir 4 anos. **Páx. 15**

Reclamacións da Deputación á Xunta de Galicia

Piden máis investimentos para "necesidades reais" da poboación, como en vivenda. **Páx. 16**

Como afectan as Eleccións do 29N en Galicia?

Os galegos escollerán os representantes do Congreso dos Deputados e do Senado. **Páx. 18-19**

O matadoiro comarcal



O sector gandeiro esixe restablecer o servizo para a tempada de porcino. **Páx. 2**

Patricia Rivas



A escritora de tan só 23 anos publicou dúas novelas que sentiu como "terapia". **Páx. 7**

A futbolista Karem Saa



A deportista do fútbol sala afronta unha nova etapa en Portugal. **Páx. 23**



SARRIA

Os Gorriós celebran o San Martiño Caníbal o 7 de novembro



A asociación Os Gorriós, da parroquia sarriá de Louseiro, organizará o vindeiro sábado 7 de novembro unha nova edición do San Martiño Caníbal, unha cita festiva que combinará gastronomía, propostas para os máis pequenos e música para gozar dunha xornada de convivencia.

A programación comezará ás 13.30 horas cunha sesión vermú amenizada pola orquestra Neverloura. Xa ás 15.30 horas celebrarase un xantar no campo da festa, cun menú único de cocido. O prezo será de 35 euros para os adultos e de 20 euros para os nenos de ata 10 anos.

A festa continuará ás 18.00 horas cunha actuación infantil a cargo de Iseo a Moura, pensada para que os máis pequenos tamén teñan o seu espazo na celebración.

A partir das 20.00 horas, a música volverá ser protagonista coa actuación de Afogapalletas, de Taboada.

A verbena nocturna arrancará ás 22.00 horas coa actuación de Os Vacalouras, de Vigo, que poñerán o broche musical a unha xornada que busca reunir veciños e visitantes arredor da tradición festiva de San Martiño.

A iniciativa está organizada pola asociación Os Gorriós, coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a área de Cultura e o Concello de Sarria.

Carniceiros e gandeiros volven esixir a reapertura do matadoiro



Representantes dos sectores da carnicería e da gandaría de Sarria reuníronse co alcalde, Claudio Garrido, para reclamar solucións ante a paralización do matadoiro municipal. O encontro rematou sen unha data para recuperar a actividade de vacún nin un calendario para restablecer o servizo de porcino, a pesar da proximidade da campaña das matanzas tradicionais.

A reivindicación conta co apoio conxunto dos tres grupos da oposición municipal, BNG, PP e PSOE, que deixaron á marxe as súas diferenzas políticas para defender a recuperación do matadoiro. Esta postura común quedou reflectida na moción consensuada con carniceiros e gandeiros e aprobada por unanimidade no pleno municipal do pasado 28 de maio, na que se acordou realizar as reparacións necesarias para permitir a reapertura das instalacións.

Durante a reunión, o Concello expuxo as dificultades para substituír o sistema de atordamento con CO_2, unha actuación cun orzamento próximo aos 201.000 euros. Ante esta situación, os profesionais defenden que se esgoten as posibilidades de reparación do equipamento actual e que se estuden outras alternativas autorizadas, como o atordamento eléctrico. Ao mesmo tempo, reclaman resolver as avarías que afectan ao sacrificio de vacún para recuperar esta actividade canto antes.

No ámbito económico, a Deputación renovou unha achega de 50.000 euros e a Xunta comprometeu outros 30.000 euros, dúas vías de colaboración que o sector considera fundamentais para recuperar o servizo. Porén, os profesionais advirten de que manter o matadoiro sen actividade dificulta xustificar novos investimentos e solicitar máis financiamento ás administracións. Por iso, piden ao goberno municipal unha maior iniciativa para aproveitar estas posibilidades de apoio económico.

TENSIÓN NO ENCONTRO. Un dos momentos de maior tensión da reunión produciuse cando a concelleira responsable do servizo, Geni Valcárcel, defendeu que o matadoiro "non está pechado", xa que conserva as autorizacións administrativas, e asegurou que "mañá mesmo podemos poñela a funcionar". Unha representante dunha carnicería, indignada por estas declaracións, considerou a situación unha tomadura de pelo e abandonou o encontro. Posteriormente, aclarouse que a afirmación facía referencia á situación administrativa das instalacións e non a que estas estivesen operativas. Para os profesionais, esta distinción non cambia a realidade: o matadoiro leva meses sen prestar servizo.

Desde o sector, lembran que o valor dun matadoiro público non debe medirse unicamente polo seu balance económico, senón tamén pola riqueza que xera para gandeiros, carniceiros, transportistas e comercios. Ademais, destaca o seu papel na conservación das matanzas tradicionais, no impulso da produción de proximidade e na protección da identidade rural de Sarria.

Co respaldo do PP, o PSOE e o BNG á recuperación do servizo, os profesionais insisten en que o obxectivo non debe limitarse á apertura parcial das instalacións. Reclaman recuperar a actividade completa dunha infraestrutura pública que consideran esencial para a economía e a cultura sarriá e piden que a solución non se demore ata as próximas eleccións municipais.



O sentido único na vía principal das Insuas xerou gran malestar social

Os veciños do barrio das Insuas de Sarria presentaron no Concello un total de 172 sinaturas para reclamar a recuperación do dobre sentido de circulación na rúa Gran Vía. Os residentes afectados polo cambio a sentido único consideran que a medida lles está causando prexuízos diarios e piden ao Goberno local que rectifique.

Soledad Arias, unha das veciñas afectadas, explica que poderían ter recollido máis apoios, pero que o tempo dispoñible non lles permitiu continuar coa recollida. "Todos os veciños estamos de acordo en que non ten ningún sentido o cambio na dirección", asegura. Segundo lembra, a xustificación que recibiron foi que a modificación permitiría gañar prazas de aparcamento, pero sostén que non perciben esa mellora e que, pola contra, teñen máis dificultades para desprazarse.

O cambio obriga os residentes e outros usuarios da vía a realizar rodeos e percorridos adicionais para acceder ás súas vivendas, garaxes ou centros de traballo. Na práctica, os condutores deben abandonar As Insuas pola intersección coa rúa Matías López, a travesía urbana da LU-546 e unha das principais vías de saída de Sarria, nun cruzamento que consideran conflitivo polo elevado volume de tráfico: "Fórmase un tapón", declara.

"Para saír á estrada de Matías López cústanos un mundo", explica. Segundo describe, a incorporación require prestar atención tanto aos vehículos que chegan desde Lugo como aos que circulan desde o centro de Sarria, o que complica especialmente a manobra e aumenta a súa preocupación pola seguridade.



Ademais, os veciños aseguran que algúns condutores continúan circulando en sentido contrario, como facían antes da modificación, mentres que outros optan por unha pista estreita coñecida como Rego da Lama, que durante o inverno se converte nun lameiro. "O único que pedimos é que a rúa volva ser de dobre sentido e que se poida aparcar só nun lateral, como está o resto do barrio".

PREOCUPACIÓN POLAS PERSOAS MAIORES. A reivindicación tamén responde á preocupación pola seguridade nun barrio cunha importante presenza de persoas maiores. Arias advirte de que na zona se atopan un centro de día e o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD), dous recursos que xeran un fluxo diario de vehículos, transporte adaptado e ambulancias.

A veciña considera que estas circunstancias incrementan os problemas de circulación e o risco de retencións nunha intersección que xa presenta dificultades para incorporarse á vía principal. Ademais, relata a súa propia preocupación pola situación do seu pai, que sufriu varios infartos e presenta risco cardiolóxico. Soledad explica que "no meu caso, non chegou a ambulancia, polo que tiven que levar eu o meu pai ao hospital".

Os residentes xa intentaron trasladar as súas queixas ao alcalde, Claudio Garrido, e ao concelleiro de Seguridade, Félix Seijas, e a súa resposta foi: "cando haxa un problema de saúde, xa irá a ambulancia e poñerá as luces". Por iso, recorreron á representante do Partido Popular, Carmen José López, na oposición para pedirlle que introducise a cuestión no pleno municipal de outubro.

O pleno de Sarria aproba a reordenación da parcela da Fortaleza



O pleno de Sarria do mes de outubro comezou cun minuto de silencio en lembranza das vítimas do accidente de tren ocorrido o pasado día 28 en Urda, Toledo.

Debido a este suceso e aos tres días de loito oficial a nivel nacional, o pleno centrouse en tratar os asuntos considerados urxentes. Entre eles destacou a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal para reordenar a parcela da Fortaleza, que saíu adiante por unanimidade.

O cambio urbanístico contempla eliminar unha rúa de nova creación que figuraba dentro da parcela da Fortaleza, cuxa execución, segundo explicou o alcalde, resulta "imposible". Ademais, prevé que o Concello asine un convenio coa sociedade propietaria do inmoble para regular o acceso público a este ben. Tanto o PP como o BNG sinalaron que tiñan constancia de que o proxecto previsto para esta zona respecta o patrimonio.

Outro dos asuntos que xerou debate foi a proposta de Camiña Sarria para destinar 28.000 euros aforrados no transporte do matadoiro a financiar un estudo xeotécnico e de viabilidade sobre a posibilidade de construír pisos de alugueiro social nas antigas vivendas dos mestres do colexio Frei Luis de Granada.

A iniciativa pretendía estudar unha posible solución a dous problemas: a deterioración destes inmobles, que se atopan nun estado deplorable, e a falta de vivenda en Sarria.

A iniciativa de Camiña Sarria non saíu adiante. Geni Valcárcel, responsable do matadoiro e integrante do Goberno local, abstívose, mentres que os grupos da oposición votaron en contra.

Pola súa parte, o PP pide no Pleno elaborar un plan que permita solucionar os problemas de abastecemento de auga no rural e recuperar actividades dirixidas ás persoas maiores mediante un programa de envellecemento activo. Pola súa banda, o BNG reclama medidas urxentes para poñer en funcionamento as vivendas sociais da rúa Maior e contribuír a dar resposta aos problemas de acceso á vivenda no municipio.



Licitadas as obras para reformar a cuberta do Frei Luís de Granada



A pista cuberta do CEIP Frei Luis de Granada de Sarria afrontará unha reforma para mellorar as súas condicións de uso e ampliar as posibilidades de aproveitamento destas instalacións, tanto pola comunidade educativa como polos clubs deportivos e a veciñanza.

A Consellería de Educación sacou a licitación o proxecto, cun orzamento de 554.734 euros e un prazo de execución de cinco meses.

A actuación permitirá completar o peche do recinto, que actualmente mantén abertas as fachadas norte e oeste. Para iso, o proxecto contempla a colocación de paneis de formigón prefabricado de doce centímetros de grosor, así como a instalación dunha estrutura metálica horizontal que servirá de soporte para a nova fachada e para os elementos de policarbonato.

Outro dos obxectivos é mellorar o illamento térmico mediante a substitución do panel da cuberta. Ademais, as comprobacións técnicas realizadas determinaron que é necesario reforzar a estrutura existente para adaptala ás esixencias da normativa de seguridade e cálculo estrutural.

Estes traballos requirirán actuacións adicionais de escavación e cimentación para asegurar o apoio dos novos elementos e a súa conexión coa estrutura actual.

O proxecto inclúe tamén o recheo e recrecido do lateral oeste e a habilitación dun acceso sen barreiras arquitectónicas.

As empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata o 11 de novembro. A maior parte da obra está prevista para o próximo ano, con 458.458 euros consignados nos orzamentos da Xunta para ese exercicio. Os 100.000 euros restantes corresponden ao orzamento deste ano.

A reforma forma parte dos compromisos recollidos no pacto entre o PP e Camiña Sarria, que inclúe esta intervención entre as actuacións previstas para o municipio.

Máis de 55.800 euros para a recollida e xestión dos residuos



O Concello de Sarria recibirá de 55.801,50 euros a través de catro subvencións da Xunta de Galicia destinadas a mellorar a xestión dos residuos municipais. As axudas, cofinanciadas pola Unión Europea mediante o programa Galicia FEDER 2021-2027, permitirán avanzar na recollida selectiva, facilitar a reciclaxe e optimizar o funcionamento do servizo neste ano 2026.

A maior partida, de 18.076,50 euros, destinarase á mellora da recollida de biorresiduos mediante o contedor marrón. A actuación inclúe a incorporación de novos materiais e o desenvolvemento de campañas de sensibilización para fomentar a separación dos residuos orgánicos entre a veciñanza.

O municipio contará tamén con 7.725 euros para reforzar a recollida de residuos téxtiles, mediante a instalación de contedores específicos para roupa, calzado e outros materiais deste tipo, acompañada de accións informativas.

Outra das actuacións previstas é a adquisición dun punto limpo móbil, financiada con 15.000 euros. Este equipamento permitirá percorrer as parroquias e os distintos núcleos de poboación para facilitar a entrega de residuos especiais sen que a cidadanía teña que realizar grandes desprazamentos.

A cuarta subvención, de 15.000 euros, destinarase á dixitalización do servizo municipal de residuos. O proxecto contempla a xeolocalización dos contedores, a análise do funcionamento da recollida e o estudo dos custos, co obxectivo de mellorar a planificación e a eficiencia.

Pechan as pistas de tenis e fútbol sala do Chanto polas obras de renovación

O Goberno local pechou temporalmente as pistas de tenis e fútbol sala do Chanto desde o 26 de outubro debido ao inicio das obras de mellora destas instalacións deportivas. A intervención busca renovar os espazos e ofrecer aos usuarios unhas condicións máis adecuadas de comodidade, calidade e seguridade para a práctica deportiva. O Goberno local comunicará a reapertura das pistas a través das súas redes sociais.

O pasado mes de agosto, o Concello de Sarria informou da sinatura do contrato para executar o proxecto de renovación das pistas deportivas exteriores do Chanto.

No caso da pista de fútbol sala, os traballos contemplan a renovación do pavimento mediante o fresado da superficie actual e a aplicación dunha nova capa. Tamén se colocarán novos peches de rede nos fondos da pista e habilitaranse portas para peóns e accesos para a maquinaria de mantemento.

Nas dúas pistas de tenis repararanse as zonas máis deterioradas e aplicarase unha imprimación para mellorar a adherencia e a durabilidade da nova pintura. Ademais, instalaranse redes novas para completar a renovación destas instalacións.

Pola súa banda, a pista de pádel será sometida a labores de limpeza e corrección das imperfeccións do pavimento. As actuacións incluirán tamén o lavado e pintado das paredes co obxectivo de mellorar o estado xeral deste espazo deportivo.

ARTAi
HORMIGONES
Cl. Rioseco s/n,
Monforte De Lemos, 27400
692 946 698
629 817 933
Pol. Ind. Betote Km 21
Sarria, 27600
692 946 694
629 817 933
Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.
Prefabricados de hormigón
Taller de ferralla
Cubiertas de panel sandwich
Cubiertas de fibrocemento
Servicio de grúa
982 530 469
hierrostouron@gmail.com

María Carretero pide dignificar a obra 'Homenaxe ao Peregrino'



A artista sarriá María Carretero volve reclamar a restitución de 'Homenaxe ao Peregrino', unha obra inaugurada o 19 de outubro de 1996 e concibida para o espazo público e a contorna do Camiño Francés. Ao cumprirse tres décadas daquela presentación, a creadora pide ás administracións implicadas que dean unha resposta á situación e que se avance cara a unha solución acordada que permita recuperar a intervención.

A obra, realizada entre 1993 e 1996, foi pensada como algo máis que unha creación artística. A súa relación coa paisaxe e coa experiencia dos peregrinos sitúaa nun espazo no que conflúen a cultura, a memoria, a espiritualidade e o encontro entre persoas de diferentes procedencias e circunstancias.

Carretero defende o valor social da arte urbana e a súa capacidade para contribuír á identidade dos lugares e acompañar tanto a vida da veciñanza como o percorrido de quen transita polo Camiño. A proposta tamén incorpora unha dimensión humana, ao reivindicar os espazos compartidos como lugares de encontro e de respecto á dignidade de todas as persoas, incluídas aquelas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade.

A artista considera necesario que as institucións aclaren as cuestións pendentes e establezan os pasos necesarios para abordar a restitución con garantías. A súa petición apóiase na defensa do patrimonio artístico, no recoñecemento do traballo creativo e na responsabilidade que implica intervir en espazos de uso público. "Homenaxe ao Peregrino" forma parte, segundo reivindica, da memoria cultural vinculada ao Camiño de Santiago.

XACOBEO 2027. A proximidade do próximo Ano Santo Compostelán engade relevancia á petición. Coa previsión de que o Camiño volva atraer peregrinos, institucións e visitantes, Carretero considera que este aniversario pode servir para impulsar o diálogo e avanzar na resolución da situación.

A conmemoración tamén abre a reflexión sobre a presenza e conservación da arte pública ao longo da ruta xacobea, así como sobre o recoñecemento de iniciativas que unen creación artística e compromiso social. Trinta anos despois da súa inauguración, a obra continúa formulando cuestións sobre o papel das persoas, da paisaxe e da cultura nos espazos compartidos do Camiño, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Os actos conmemorativos xa comezaron no histórico espazo da Sociedade Democracia de Arrecife, en Lanzarote. Ademais, está prevista a celebración dunha mesa redonda antes de rematar o ano. Carretero ingresará en xaneiro de 2027 como académica na Academia de Ciencias, Enxeñerías e Humanidades de Lanzarote, cun discurso solemne centrado na obra de Sarria e no Camiño de Santiago.

Sarria celebrará a XX Festa dos Maiores o 14 de novembro



O Concello de Sarria organizará o sábado 14 de novembro a vixésima edición da Festa dos Maiores, unha cita dedicada á convivencia e ao recoñecemento das persoas maiores do municipio. A celebración desenvolverase no pavillón dos institutos e contará con actividades ao longo de toda a xornada, desde o aperitivo inicial ata o baile da tarde.

O programa comezará ás 12:30 horas coa benvida e un aperitivo, seguido, ás 13:00 horas, da actuación de Peleriños. Ás 14:00 horas terá lugar o xantar e, pola tarde, ás 16:30 horas, celebrarase unha homenaxe ás parellas asistentes que cumpriron as súas vodas de ouro durante 2026. A festa continuará ás 17:30 horas cun baile amenizado por Selene Casal, coñecida pola súa participación no programa 'Luar'.

A celebración incluirá tamén o sorteo de tres bonos regalo para dúas persoas, que permitirán gozar dunha fin de semana nun balneario da provincia de Lugo. Serán 10 euros e de 25 euros por acompañante.

Volve representarse o teatro afeccionado na Casa da Cultura de Sarria

Sarria volve apostar polo teatro afeccionado cunha nova edición do Circuíto Galego de Teatro Amador, que leva á Casa da Cultura catro propostas escénicas ao longo das próximas semanas.

As representacións terán lugar no salón de actos Iván Tourón Morais e permitirán ao público achegarse ao traballo de diferentes agrupacións teatrais galegas sen custo de entrada.

A programación comezou o 25 de outubro coa Asociación Cultural Charamela, que presentou 'Un xogo desastroso' e o 1 de novembro, con Camtheam e a obra 'Espellos'.

O calendario continuará o 8 de novembro coa actuación de Achádego Teatro, que representará 'Novo Amencer' ás 20.00 horas e a última función será o domingo 15 de novembro, cando Rebuledeira Teatro pechará o circuíto coa peza 'A desconfianza' tamén ás 20.00 horas.

A iniciativa da Federación Galega de Teatro Afeccionado busca dar visibilidade ao traballo das compañías non profesionais.





Peleriños organiza un obradoiro de costura de lensas en Sarria



A Asociación Cultural Peleriños organiza en Sarria un obradoiro de costura de lensas co obxectivo de recuperar e divulgar as técnicas tradicionais de elaboración destas pezas propias da vestimenta feminina galega.

A formación estará impartida por Yerai Paz, do Obradoiro O Sarillo, que ensinará ás persoas participantes os métodos e as feituras antigas empregadas na súa confección.

Durante as sesións, o alumnado poderá coñecer as diferentes fases do proceso, desde a elaboración dos patróns ata o corte dos tecidos, a confección e a montaxe final, seguindo os procedementos tradicionais.

A lensa, tamén coñecida como lenza, é unha peza de abrigo feminina característica da indumentaria tradicional galega, especialmente dalgunhas zonas da provincia de Lugo e da súa montaña. Colocábase sobre a saia para cubrir e protexer a vestimenta e elaborábase habitualmente con pano, con adornos nos bordos como pasamanarías, franxas de veludo ou outros remates decorativos. Era unha peza apreciada que non estaba ao alcance de todas as mulleres, polo que a súa recuperación contribúe tamén a conservar parte do patrimonio téxtil e cultural galego.

O obradoiro desenvolverase en tres domingos: o 15 e o 29 de novembro e o 20 de decembro. As sesións terán lugar na Casa da Cultura de Sarria, en horario de 11:30 a 13:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

As persoas interesadas en participar poden solicitar máis información e formalizar a inscrición a través dos teléfonos 693 299 292 e 620 376 329.

Sarria, protagonista dun *thriller* sobre o Camiño de Santiago



A biblioteca municipal de Sarria acolleu a presentación de 'Cuando el camino mata', a primeira novela de José Ángel Gómez Sandes. Trátase dun thriller de asasinatos ambientado no Camiño de Santiago que combina a investigación criminal cos segredos do pasado e as relacións entre un grupo de amigos.

A historia comeza dez anos despois da morte de Eva, cando varias persoas deciden reencontrarse para percorrer xuntas o Camiño e pechar antigas feridas. Entre elas está Miguel, condenado polo asasinato da moza e que acaba de saír do cárcere. O que debía ser unha viaxe de reconciliación dá un xiro inesperado cando un dos integrantes aparece morto. A partir de aí, a culpa, as sospeitas e os segredos comezan a marcar o percorrido, nunha trama na que ninguén parece estar libre de dúbidas.

A novela leva os protagonistas desde Villafranca del Bierzo polo Camiño Francés ata Santiago de Compostela, antes de continuar cara a Fisterra.

Gómez Sandes explica que decidiu dar o paso de escribir a súa propia historia. "Tiña que ser un thriller, que é o que me gusta, e tiña que estar ambientado na miña zona, en Galicia", explica o autor, que tamén quería animar a descubrir o Camiño de Santiago.

A documentación necesaria para escribir a novela permitiulle, ademais, coñecer mellor a ruta xacobea, as súas lendas e as historias que a rodean. O autor destaca que descubriu unha dimensión máis máxica do Camiño durante o proceso creativo.

Despois de presentar a obra en Pedrafita, contactou co Concello de Sarria para presentar o libro polo peso do municipio na obra e como punto de partida para numerosos peregrinos. Así, quixo reflectir a elección de milleiros de persoas que elixen Sarria para comezar o Camiño. Ademais, a Ponte de Áspera acolle un dos acontecementos que inflúen no desenvolvemento da trama.

Crearte programa actividades culturais para o último trimestre do ano

A asociación cultural Crearte de Sarria xa ten preparado o calendario de actividades para o último trimestre do ano na Palleira, en Manán, con propostas culturais e formativas programadas para os últimos meses do ano.

A programación comezou o sábado 24 de outubro cunha actividade de percusión a cargo de Sira Goyanes e, o domingo 25, foi a quenda da cerámica, cun obradoiro impartido por Vero Quintela.

En novembro, o sábado 7, terá lugar un obradoiro de voz con A Baldosa Flotante, que estará acompañado dun concerto. O domingo 8 desenvolverase un obradoiro de movemento con Noel Quintela e a actividade de memoria 'Manán onte e hoxe', a cargo de Xosé Gago.

A programación continuará en decembro. O sábado 19, Vero Quintela impartirá un novo obradoiro de cerámica, mentres que o domingo 20 Noel Quintela será o encargado do obradoiro de movemento.

Con esta programación, Crearte mantén a súa aposta por achegar diferentes disciplinas artísticas e propostas culturais á Palleira de Manán durante os últimos meses do ano.





Patricia Rivas, a escritora que soña con seguir contando historias a quen queira escoitalas

A sarriá, de 23 anos, atopou na literatura unha forma de expresar e superar as súas emocións. Con dúas novelas publicadas, non renuncia a seguir escribindo mentres agarda poder estudar Psicoloxía

Jessica Fernández

A literatura como terapia. Así viviu a moza sarriá Patricia Rivas, de 23 anos, o impulso que a levou a escribir a súa primeira obra, 'La carta que nunca leerás'. Comezou a escribila con 16 anos, de maneira impulsiva e en segredo, ata que conseguiu publicala tres anos despois, tras dedicar dous anos á escritura e outro a contactar coa editorial que finalmente apostou por ela.



"Para escribir, tes que revivir parte das cousas que che pasaron e que te inspiraron, polo que é duro, pero, por outra banda, é liberador, e ao final sérveche para superalas"

Rivas sostén que escribir non é un proceso "fácil", xa que, para expresar o que sentes, "tes que revivir parte das cousas que che pasaron e que te inspiraron para poder escribir, polo que é duro, pero, por outra banda, é liberador, e ao final sérveche para superalas co paso do tempo. Por iso eu vivino como un proceso necesario e como parte dunha terapia que fixen comigo mesma", relata.

Ademais, foi un proceso individual e íntimo, xa que non sabía como ía reaccionar a xente da súa contorna. "Cando chegaron os libros á miña casa, miña nai non entendía nada e díxome que merecía unhas hostias, tanto por non contar que estaba escribindo como polo que escribín".

Daquela tiña 19 anos, pero esa circunstancia non a freou á hora de escribir a segunda parte da súa novela, que publicou un ano despois, con 20. Tras aqueles anos convulsos nos que intentou poñerlle nome ao que sentía, decidiu apostar polos estudos e marchou a Lugo para cursar o ciclo medio de Cociña. Ao rematalo, comezou o superior, pero decatouse de que non era o que esperaba ou de que, simplemente, non era o seu.

Agora, con 23 anos, séntese perdida, como moitos outros adultos novos, aínda que ten claro que o que máis lle gusta é a Psicoloxía. Porén, as decisións que tomou ao non cursar Bacharelato e apostar por un sector afastado dos seus intereses impedíronlle estudar a carreira. "Teño que esperar ata os 25 anos para poder matricularme na UNED para adultos e así por fin estudar o que me gusta", explica.

Pero tampouco abandona a idea de escribir. "Do mesmo xeito que sentín a necesidade, de súpeto, de expresar o que sentía a través da literatura, non pecho as portas a que iso poida volver pasar", comenta. Gústalle moito a ficción, como a dos libros de Albert Espinosa, nos que se mestura a intelixencia emocional cos mundos fantásticos que crea.

Sobre todo, como futura psicóloga, destaca a importancia do apoio para que as persoas poidamos levar a cabo os nosos proxectos persoais. Nese sentido, agradece que a Concellería de Cultura contase con ela este ano na primeira Feira do Libro de Sarria, na sección de escritores novos, xunto a Naila e Álvaro, tamén escritores novos.

"Para min foi unha sorpresa que quixesen contar comigo, a pesar de que o meu último libro o publiquei hai tres anos, polo que ao principio foi estraño, pero sentinme moi cómoda e agradezo tanto que contasen comigo como o apoio que sentín por parte das veciñas e dos veciños", explica. E conclúe que "Sarria é un bo lugar para escribir, porque a xente é moi agradable, axúdante e apóiache".

"Sorpréndeme que conten comigo tres anos despois de publicar a miña última obra, pero agradezo todo o apoio que sinto por parte das veciñas e dos veciños"

De cara ao futuro, Patricia non pecha ningunha porta. Cre que podería animarse a escribir de novo, agarda poder estudar e está aberta a seguir participando en encontros arredor da lectura, como clubs de lectura e feiras do libro. Quere compartir a súa experiencia, contar o proceso vital do que naceron as súas dúas novelas e continuar aprendendo neste camiño que chamamos vida.



Ofrecen seis cursos de formación dixital na CEMIT

O Concello de Sarria organizará seis cursos gratuítos de formación tecnolóxica entre novembro e decembro para achegar as ferramentas dixitais á cidadanía e mellorar as súas competencias neste ámbito. A programación, impulsada pola Concellería de Cultura, inclúe propostas para diferentes niveis e estará centrada no uso do teléfono móbil, a intelixencia artificial, os servizos electrónicos e as tecnoloxías tridimensionais.

As actividades desenvolveranse na Aula CeMIT da Casa da Cultura e contarán cun máximo de 18 prazas cada unha.

A primeira proposta será 'Sácalles partido ao teu móbil Android', que se impartirá do 2 ao 6 de novembro, de 10:00 a 13:00 horas. A continuación, os días 9, 11, 16, 18 e 23 de novembro, terá lugar o curso 'Iniciación á intelixencia artificial', en horario de 16:30 a 19:30 horas.

A oferta continuará do 16 ao 20 de novembro coa formación 'Internet, ocio e operacións dixitais', de 10:00 a 13:00 horas. Nesa mesma franxa horaria, do 23 ao 27 de novembro, os participantes poderán iniciarse na impresión tridimensional co curso 'Iniciación á impresión 3D'.

Xa entre o 30 de novembro e o 4 de decembro, a aula acollerá 'Realiza os teus trámites na sede electrónica do Concello', unha actividade orientada a aprender a utilizar os servizos dixitais da Administración municipal. As sesións serán de 10:00 a 13:00 horas. A programación pecharase os días 9 e 11 de decembro co curso 'Iniciación ao uso dun escáner 3D', que se desenvolverá de 10:00 a 14:00 horas.

As persoas interesadas en consultar as condicións de participación ou formalizar a inscrición poden contactar coa Aula CeMIT no teléfono 982 530 723 ou no correo electrónico cemit.sarria@xunta.gal.

Unha mostra do Museo Paixón Motor Slot atópase na biblioteca

A Biblioteca Municipal Camilo Gonsar de Sarria acolle unha exposición temporal do futuro Museo Paixón Motor Slot, promovido por Julio Páramo. A mostra, exposta desde a celebración da VI Concentración de Vehículos Clásicos 'Vila de Sarria', organizada polo Club Clásicos Sarria, ofrece ao público un percorrido pola historia do motor a través de vehículos a escala.



A exposición reúne varias temáticas vinculadas á historia do automóbil e á competición, con espazos dedicados aos 75 anos de Pegaso, ao 20 aniversario da estrea da película "Cars", ao Rally San Froilán, ao Rally de Montecarlo e á Triple Coroa.

Aínda que a iniciativa naceu como unha das actividades complementarias da concentración de coches clásicos, a mostra permanecerá durante varias semanas na biblioteca municipal. O obxectivo é facilitar a organización de visitas de centros educativos e de persoas interesadas no mundo do motor, achegando a historia do automobilismo a novos públicos a través dos vehículos a escala.

O proxecto está vinculado ao futuro Museo Paixón Motor Slot de Sarria, unha iniciativa impulsada por Julio Páramo que busca ofrecer un espazo dedicado ao coleccionismo e á cultura do motor.

Meigas e Trasgos celebrará o seu tradicional magosto o 14

A Asociación Cultural Meigas e Trasgos celebrará o sábado 14 de novembro unha nova edición do seu tradicional magosto, unha cita coa que busca manter vivas as tradicións do outono e reunir a veciñanza arredor da gastronomía e a música. A actividade comezará ás 19:30 horas no Lar Social da entidade.

A proposta combinará a degustación de castañas con comida, música e baile nunha tardenoite pensada para compartir e gozar do ambiente festivo. A organización manterá a entrada de balde para todas as persoas que queiran participar.

A asociación pide ás persoas interesadas que cubran o formulario dispoñible na súa biografía nas redes sociais para indicar cantas persoas asistirán. Deste xeito, poderá calcular a participación prevista e preparar a celebración.

A Biblioteca Camilo Gonsar de Sarria premiou os grandes lectores do ano

A Biblioteca Pública Municipal Camilo Gonsar de Sarria celebrou o Día das Bibliotecas cunha xornada dedicada a recoñecer o compromiso da veciñanza coa lectura e a destacar o papel destes espazos na vida cultural do municipio.

Durante o acto entregáronse os premios aos lectores do ano. Fiz Regueiro Fernández recibiu o recoñecemento na categoría infantil, mentres que Carmen Resco Vizcaíno foi distinguida na categoría adulta.

A biblioteca tamén homenaxeou as 16 persoas que completaron o reto lector e recoñeceu a colaboración de José Manuel Valiña López, pola doazón de prensa diaria.

A actividade cultural arredor da lectura tamén está a ter protagonismo na biblioteca sarriá. Xa comezou o Club de lectura de cómic, no que unha decena de participantes compartiu impresións sobre 'La casa', de Paco Roca.

O Club de lectura de narrativa arrancou o pasado 28 de outubro e as 20 prazas dispoñibles xa están cubertas e o grupo comezará coa novela 'Mi familia y otros animales', de Gerald Durrell.

Ambos os clubs están coordinados polo guionista e escritor Manuel Darriba, recoñecido polo seu libro inclusivo 'Pedro, o piloto de gaivotas', unha obra que aborda a temática da diversidade funcional e a inclusión de forma accesible e atractiva para os máis pequenos.





A Asociación Huhú presentou a 10ª Macheta

A Asociación Artístico-Cultural Huhú de Sarria clausurou a exposición 'PALESTINE. HERE AND THERE' e presentou o décimo número do fanzine 'Macheta' na SEDE de Sarria.

A 'Macheta 10. Canto peregrino', reúne 55 colaboracións de diferentes ámbitos e xeracións, con achegas realizadas a través da escrita, o debuxo, a fotografía, o cómic, a apropiación gráfica e outras formas de creación e intervención editorial.

'Macheta' mantén nesta nova etapa o seu carácter aberto, colectivo e independente, como un espazo de encontro entre persoas e propostas creativas diversas.


SARRIA,
unha comarca con sabor


O MIRALLOS
Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)
Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696


RESTAURANTE
A CARBALLEIRA
DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN
MAESTROS DE LA PARRILLA
a.reboleira.restaurante
San Martín de Río Lancara
A Reboleira 27692
Tlf: 611 027 705


• PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
• TERNERA GALLEGA SUPREMA
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA
RESERVAS:
Telf. 982 546 063
CASA de AIRA PADRON


982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)
A Pulperia de Lois


RIO LOYO
Restaurante


Mesón O Castro
Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar
Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697


Pontenova
mesón restaurante
Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza
Tel.: 982 546 003
Catering_meson_a_pontenova
Meson pontenova


A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE
Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O alumnado do colexio recibiu o novo libro de Estefanía Padullés



O CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela acolleu a presentación de "Cambia o mundo... cambias ti", o novo libro de Estefanía Padullés, escritora e ilustradora cunha ampla traxectoria na literatura infantil que reside no municipio.

Durante o encontro, a autora compartiu a súa obra co alumnado do centro. A alcaldesa de Paradela, Montse Mulet Sar, tamén participou na actividade e entregou un exemplar do libro a cada neno e nena, co propósito de fomentar o hábito lector desde idades temperás.

A publicación aborda os cambios como parte natural da vida e propón aos lectores máis novos unha reflexión sobre como afrontalos. A través desta historia, os escolares poden descubrir a importancia de coñecerse mellor, comprender as propias emocións e aproveitar as novas experiencias como unha oportunidade de aprendizaxe e crecemento persoal.

Segundo a autora, "o libro está conectando especialmente cos máis pequenos porque fala de experiencias que forman parte da súa realidade diaria". O paso a unha nova clase ao comezar o curso, a chegada dun irmán ou os cambios que trae consigo o paso do tempo son algúns dos exemplos que aparecen nas súas páxinas.

Tamén o formato foi coidadosamente elixido. O libro presenta un deseño cadrado que facilita o seu manexo e lectura, especialmente entre o público infantil, achegando comodidade tanto a quen le como a quen observa as ilustracións.

A iniciativa enmárcase nas accións destinadas a promover a lectura e achegar a cultura aos máis pequenos. Con actividades deste tipo, o Concello de Paradela busca estimular a imaxinación, espertar a curiosidade e favorecer o desenvolvemento emocional da infancia a través dos libros.

Volve o XXXII Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López

O Concello de Paradela mantén aberto desde o pasado 1 de outubro o prazo para presentar obras á XXXII edición do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, convocado en memoria do escritor e Fillo Predilecto do municipio. As persoas interesadas poderán enviar os seus traballos ata o vindeiro 30 de novembro.

O certame conta con tres modalidades: narrativa, poesía e Camiño de Santiago. Nesta última categoría admítense tanto relatos como poemas coa finalidade de poñer en valor a importancia da ruta xacobea no municipio.

As obras deberán ser orixinais e inéditas, non ter sido premiadas anteriormente noutros concursos e estar escritas en galego ou castelán. Os traballos poderán enviarse por correo postal ao Concello de Paradela ou por correo electrónico ao enderezo oix.paradela@eidolocal.es.



En canto aos premios, a persoa gañadora de cada modalidade recibirá 1.000 euros. Nas categorías de narrativa e poesía tamén se concederá un segundo premio dotado con 500 euros. Ademais, o xurado poderá outorgar outros recoñecementos.

Na edición do ano pasado, recibíronse un total de 414 traballos, dos que 150 concorreron na categoría de poesía, 210 na de narrativa e 54 na modalidade especial dedicada ao Camiño de Santiago.

O xurado salientou o elevado nivel literario das obras participantes, consolidando unha vez máis este certame como unha das referencias culturais do municipio.

A Asociación de Mulleres organiza o Magosto o día 14 de novembro

A Asociación de Mulleres de Paradela (AMP) organiza o vindeiro 14 de novembro unha nova edición do seu Magosto, unha cita pensada para gozar dunha das tradicións máis arraigadas do outono galego nun ambiente festivo e de convivencia.

O encontro celebrarase no Mercado Gandeiro de Paradela e contará coa actuación musical do Dúo Dilema, que amenizará a noite a partir das 21:30 horas.

No apartado económico, a participación será gratuíta para as socias da asociación, mentres que as persoas non socias terán que pagar 20 euros.

As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición antes do 10 de novembro. Para iso, poden contactar con Mila, no teléfono 669 849 518, ou con Rocío, no 649 240 466.

Con esta iniciativa, a Asociación de Mulleres de Paradela busca promover a participación veciñal e manter viva a tradición do magosto, unha celebración que reúne gastronomía, música e convivencia arredor das castañas.





Sara López foi homenaxeada polos seus 100 anos

Sara López Díaz, veciña de Feás, en Paradela, celebrou o seu centenario, unha data especial que o Concello quixo conmemorar cunha homenaxe á súa traxectoria vital.

A alcaldesa, Montserrat Mulet, achegouse ata a súa casa para felicitala e facerlle entrega de varios agasallos: o pin do Concello, un doce, unha placa conmemorativa e un ramo de rosas.

Con este xesto, o Concello de Paradela quixo trasladarlle os seus parabéns por cumprir 100 anos e desexarlle saúde, felicidade e agarimo, acompañada dos seus seres queridos.

Triacastela contará cunha terceira casa niño para cinco nenos

Triacastela contará cunha nova casa niño destinada á atención de nenos e nenas de entre 0 e 3 anos. O recurso, denominado Os Miudiños, será o terceiro destas características que abra as súas portas no municipio e ofrecerá cinco prazas gratuítas para facilitar a conciliación das familias.

A promotora do proxecto é Leila Carballo, unha moza de 33 anos natural de Lagua, en Triacastela, que estudou Psicoloxía e conta cun máster en Intelixencia Emocional e outro en Orientación Educativa. Na actualidade traballa como psicóloga no centro Aprendemos Lugo.



As instalacións estarán situadas na avenida Camiño José Cela e a iniciativa contará co apoio económico da Xunta de Galicia. Segundo as previsións, a reserva das prazas poderá realizarse antes de que remate o ano.

O servizo permitirá atender ata cinco pequenos de luns a venres, con atención gratuíta durante oito horas ao día e ao longo de once meses. Ademais de facilitar a organización laboral das familias, a casa niño ofrecerá aos nenos un espazo de coidado, xogo e actividades de estimulación adaptadas á súa idade, sen que teñan que abandonar a súa contorna habitual.

A apertura de Os Miudiños enmárcase no reforzo da rede galega de casas niño impulsado pola Xunta, especialmente nos municipios rurais que carecen de escolas infantís ou doutros recursos de conciliación.

O PSOE denuncia trabas para acceder ás contas

O Grupo Municipal Socialista de Triacastela acusa ao goberno local do PP de dificultar o labor de fiscalización da oposición pola falta de acceso á documentación municipal e a ausencia de respostas ás solicitudes de información sobre a xestión económica do Concello.

O voceiro socialista, Miguel Ángel Fernández López, responsabiliza á alcaldesa dunha situación que, segundo afirma, continúa malia as reclamacións formuladas nos plenos e a queixa formal presentada en setembro.

Un dos principais motivos de desacordo é a situación orzamentaria do Concello. Segundo explica Fernández, o goberno local sostén que as contas de 2025 están prorrogadas, pero non entregou a documentación necesaria para comprobar cal é o orzamento vixente, que créditos están dispoñibles e que modificacións se realizaron.

Os socialistas aseguran que tampouco recibiron o decreto de prórroga para 2026 que solicitaron.

O voceiro afirma que non lle consta a aprobación dun novo orzamento para este exercicio e lembra que o grupo reclama información sobre as contas municipais desde o ano anterior. "Non chega con dicir que os orzamentos están prorrogados. A alcaldesa ten que facilitar os documentos que permitan comprobar con que contas funciona o Concello e como se xestionan os cartos da veciñanza", reclama.

Por este motivo, os socialistas votaron en contra na Comisión de Contas celebrada o venres 16 de outubro. O grupo cuestiona que se someta a exame da oposición a xestión económica municipal sen achegar a documentación que permita coñecer a súa base orzamentaria.

Informática, arte e natureza, inglés e música, as actividades para os nenos

O CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela conta este curso 2026/2027 cunha oferta de catro actividades extraescolares para o alumnado, con propostas orientadas á aprendizaxe tecnolóxica, os idiomas, a creatividade e a expresión musical.

As actividades desenvolveranse polas tardes, en diferentes días da semana. A programación inclúe informática os luns, de 15:45 a 17:00 horas; arte e natureza os martes, de 15:45 a 16:45 horas; inglés os mércores, de 15:45 a 16:45 horas; e música os venres, de 16:00 a 17:00 horas.

As persoas interesadas en coñecer máis detalles sobre estas propostas poden solicitar información directamente no centro educativo.

Con esta oferta, o colexio incorpora distintas opcións para complementar a formación escolar e favorecer o desenvolvemento de habilidades e intereses do alumnado fóra do horario lectivo.

‘O camiño de Cova Eirós’ recibe unha mención de honra nos Prismas Casa das Ciencias 2026

O documental ‘O camiño de Cova Eirós’, dirixido por Xosé González Varela, recibiu unha mención de honra na categoría de vídeo dos Prismas Casa das Ciencias á Divulgación 2026. Os galardóns, impulsados polo Concello da Coruña a través dos Museos Científicos Coruñeses, distinguen proxectos vinculados á divulgación científica e buscan apoiar aos profesionais que traballan neste ámbito.

O traballo audiovisual comezou a gravarse en 2011 e contou con novas xornadas de gravación nos anos 2012, 2013, 2016, 2017 e 2018. O documental foi posteriormente presentado en diferentes puntos de Galicia. A mención de honra para ‘O camiño de Cova Eirós’ supón un recoñecemento ao traballo desenvolvido durante anos arredor deste proxecto audiovisual.



O colexio e o pavillón melloran as instalacións



O colexio de Samos comezou o curso cun aspecto renovado despois das tarefas de acondicionamento realizadas durante as vacacións estivais. Esta actuación coincide coa reforma do polideportivo municipal, un proxecto de 372.589 euros co que se pretende modernizar as instalacións deportivas e mellorar a súa eficiencia enerxética.

No CEIP pintáronse distintas dependencias interiores, como a cociña, a sala de profesores, a entrada e os corredores. Os traballos estendéronse tamén á fachada e ao soportal. Nesta intervención participaron os alumnos do obradoiro de emprego Os Soutos II, que se encargaron do soportal e dunha parte das instalacións interiores, mentres que o persoal municipal asumiu o resto das tarefas.

A reforma do polideportivo, pola súa parte, conta cun orzamento de 372.589 euros, financiado integramente a través dun convenio coa área de Deportes da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. As obras, cun prazo de execución de nove meses, inclúen a renovación da cuberta e a mellora dos accesos ao edificio.

O proxecto contempla tamén a substitución da iluminación da pista por un sistema LED, co que se busca reducir o gasto eléctrico e os custos de mantemento. Ademais, ampliarase unha porta lateral para permitir a entrada de vehículos, habilitarase unha rampla de acceso e modificaranse elementos como a escaleira da pista para facilitar a mobilidade no interior.

Unha vez rematada a actuación na cuberta, está prevista a colocación de 252 paneis solares. A enerxía producida servirá para abastecer o propio pavillón e outros edificios próximos, entre eles o colexio.

Entre as actuacións previstas polo Concello figura tamén a demolición, durante este mes, dun antigo depósito de auga que xa non se utiliza. A estrutura é visible desde o Camiño de Santiago e a súa eliminación busca mellorar a integración paisaxística da contorna.

CHARLA DA ANPA. A ANPA do CEIP de Samos organizará o vindeiro martes 10 de novembro unha charla en liña sobre novas masculinidades dirixida ás familias. A actividade será impartida por Pilar Porral e comezará ás 18:30 horas a través da plataforma Google Meet.

A sesión ofrecerá un espazo para reflexionar sobre a igualdade, a educación e a importancia de promover modelos de masculinidade máis igualitarios, afastados dos estereotipos de xénero.

Esta iniciativa forma parte dos obradoiros de igualdade impulsados pola ANPA, que anima nais e os pais a participar nesta actividade, coa que buscan reforzar a implicación das familias na educación en igualdade.

Yolanda Díaz dá nome á nova sala multiúsos do Concello

A nova sala multiúsos de Samos xa leva o nome de Yolanda Díaz Gallego, unha muller vinculada á vida cultural galega que mantivo a súa relación co municipio a pesar de emigrar. O Concello quixo poñer en valor o seu labor cunha homenaxe que coincidiu coa apertura deste espazo, acondicionado nos baixos das vivendas comunitarias coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O recinto nace como lugar de encontro para as asociacións e para a celebración de propostas culturais.

A elección de Yolanda Díaz Gallego responde á súa contribución á difusión da cultura galega, así como ás súas raíces familiares en Samos: a súa nai era natural de Vilameá, na parroquia de Romelle.

A homenaxeada participou no acto, no que recibiu o recoñecemento con emoción e, durante a súa intervención, lembrou o vínculo que sempre mantivo coa súa terra de orixe e explicou que ese sentimento a levou a implicarse, desde Uruguai, nos movementos de galegos comprometidos coa defensa da cultura.

A memoria familiar tamén ocupou un lugar destacado no seu discurso. Díaz Gallego lembrou que a súa nai, emigrada con ela na lembranza e natural de Samos, nunca deixou de transmitirlle o apego ás súas raíces.



Pola súa banda, o presidente da Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, José Fernández, repasou algúns dos fitos da súa traxectoria. Yolanda Díaz tiña 19 anos cando emigrou a Uruguai, onde chegou a exercer como secretaria xeral do Banco de Galicia e desenvolveu unha intensa actividade a prol da cultura galega.

Entre as súas iniciativas figura a participación na creación do Patronato da Cultura Galega de Montevideo, a colaboración nas emisións do programa radiofónico "Sempre en Galicia" e as xestións para instalar un busto de Castelao en Rianxo, ademais doutras accións de promoción da identidade galega.

A xornada completouse coa presentación de "Teatro. Tres Obras en Lingua Galega", un volume que reúne tres textos teatrais da autora e contribúe a divulgar o seu traballo creativo.

Samos amosou o seu patrimonio natural nunha ruta fotográfica

A contorna de Samos foi o escenario dunha xornada que permitiu descubrir algúns dos seus recunchos naturais e patrimoniais a través dunha proposta que combinou aprendizaxe e exploración. Comunidade-Fotowalk Galicia organizou o pasado sábado 17 de outubro unha saída que levou os participantes ata Santalla, cun programa que incluíu formación fotográfica e percorridos por diferentes espazos do municipio.

A mañá comezou cun taller práctico de iluminación artificial, no que os asistentes traballaron con técnicas e materiais para mellorar o control da luz e experimentar coa fotografía en situacións reais. A actividade completouse cun paseo polos arredores de Samos e as zonas próximas ao Camiño de Santiago, que ofreceu novas oportunidades para observar e captar a paisaxe.

Despois dun xantar compartido, a programación continuou pola tarde en Santalla. Os participantes dividíronse en dous grupos para alternar a visita á Cova Grande e o percorrido pola Ruta Fiz Vergara Vilariño, de maneira que todos puideron coñecer ambos os espazos.

A iniciativa serviu para descubrir o valor da contorna desde unha perspectiva diferente, prestando atención aos detalles da paisaxe e ás posibilidades que ofrecen os espazos naturais como escenarios para a creación fotográfica. Ao mesmo tempo, favoreceu o intercambio de coñecementos e experiencias entre os participantes.

Con esta proposta, Comunidade-Fotowalk Galicia vinculou a formación práctica coa divulgación do patrimonio local, promovendo o coñecemento dos recursos naturais e culturais de Samos a través dunha actividade participativa e ao aire libre.





o incio

Marica Campo, Julia Lago e Cris de Buxán, protagonistas no colexio



O alumnado do CEIP Ricardo Gasset do Incio participou na iniciativa "Bibliotecas Viventes", unha actividade organizada pola ANPA con motivo do Día da Muller Rural para dar a coñecer experiencias persoais e proxectos de mulleres vinculadas á contorna rural.

A proposta contou coa participación de Julia Lago, Marica Campo e Cris de Buxán, que compartiron cos nenos e nenas diferentes aspectos das súas vidas, as súas traxectorias e a súa contribución ao desenvolvemento do medio rural. Julia Lago é ilustradora e creadora de banda deseñada, galardoada co Premio Castelao por 'Nós seis', e impulsa no Incio a Grelería, un espazo de creación artística e encontro cultural. Marica Campo, do Incio, é unha recoñecida escritora galega que cultiva a poesía, a narrativa e o teatro, cunha obra marcada pola defensa da lingua, a cultura galega e o papel das mulleres. E Cris de Buxán tamén está vinculada á contorna rural do Incio.

A actividade desenvolveuse en tres aulas, cada unha delas cunha das mulleres convidadas e o alumnado foi rotando para escoitar as historias, formular preguntas e coñecer de primeira man as experiencias das participantes.

A iniciativa estivo organizada pola Anpa CEIP Ricardo Gasset cunha subvención de Igualdade.

O patio infantil do colexio estrea unha zona de xogo renovada



O patio infantil do CEIP Ricardo Gasset do Incio conta cun espazo de xogo renovado, tras a ampliación do areeiro e a instalación de novas medidas para mellorar a seguridade e a funcionalidade das instalacións.

A intervención permitiu substituír o areeiro anterior por unha zona máis ampla, dotada dunha nova separación e pavimento de caucho, co obxectivo de favorecer o xogo e a convivencia entre o alumnado.

A Asociación de Nais e Pais (Anpa) do centro destacou a mellora das instalacións, que ofrecen un espazo máis cómodo e adaptado ás necesidades dos nenos e nenas.

Os traballos contaron coa colaboración do Concello do Incio, que contribúe ao mantemento e á renovación das instalacións educativas do municipio.



o páramo

Nace un club de lectura con encontros quincenais



A biblioteca da Casa do Concello do Páramo porá en marcha este outono un club de lectura aberto á veciñanza e ás persoas dos arredores que queiran compartir o interese polos libros. A iniciativa busca consolidar este espazo literario e fomentar a lectura colectiva a través de encontros periódicos.

As reunións comezarán o venres 13 de novembro e celebraranse cada quince días, os venres ás 20.30 horas. A participación será gratuíta e estará aberta a todas as persoas interesadas en descubrir novas lecturas e intercambiar impresións arredor delas.

O Concello anima a veciñanza a sumarse a esta proposta cultural, coa que pretende ampliar as actividades da biblioteca e converter a lectura nunha experiencia compartida.

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse antes do 10 de novembro.

O Goberno local amplía a súa actividade cultural e ofrece clases de música tradicional

O Concello do Páramo promove clases de música tradicional, unha proposta formativa que permitirá achegarse a diferentes disciplinas vinculadas á cultura e á música galega.

A programación inclúe clases de gaita, pandeireta, percusión, canto, baile e música e movemento, ofrecendo diferentes opcións para as persoas interesadas en iniciarse ou continuar a súa formación nestas modalidades.

Desta forma, amplíase a programación cultural do municipio para as persoas interesadas.



O MUVICLA acollerá a II Edición da Xornada 360 Sector Castaña



Láncara acollerá o sábado 14 de novembro a segunda edición da Xornada 360 Sector Castaña, organizada pola Asociación Galega das Castañas e dos Soutos. O encontro desenvolverase nas instalacións de MUVICLA (Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria), situadas en A Eirexe, na parroquia de Trasliste, e contará coa colaboración da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do propio museo.

A xornada abordará os principais retos da castañicultura desde unha perspectiva integral, con atención á conservación e xestión dos soutos tradicionais, aos criterios para establecer novas plantacións e ás dificultades actuais do sector. A programación tamén incluirá unha proposta gastronómica para mostrar as posibilidades culinarias da castaña.

As actividades comezarán ás 9:45 horas coa recepción dos asistentes e a inauguración, a cargo de José Antonio Liñares, presidente da Asociación Galega das Castañas e dos Soutos, e Marcos Vázquez Marey, director de MUVICLA e responsable de promoción do CRAEGA.

Ás 10:15 horas, Pedro Álvarez Álvarez, catedrático de Enxeñaría Agroforestal da Universidade de Oviedo, abrirá o programa técnico coa conferencia 'Os soutos tradicionais fronte ao cambio climático: xestión, recuperación e conservación'. A súa intervención centrarase nas medidas necesarias para preservar e recuperar estas formacións tradicionais ante as novas condicións climáticas.

De 11:00 a 11:45 horas, José Manuel Queijas, integrante da asociación organizadora, abordará as claves para establecer novas plantacións de castiñeiros na conferencia 'As novas plantacións de castiñeiros'. Despois dunha pausa para o café, de 11:45 a 12:15 horas, celebrarase unha mesa redonda, entre as 12:15 e as 14:00 horas, sobre a problemática actual do sector e as súas perspectivas de futuro.

A programación rematará cunha proposta gastronómica centrada na castaña. O chef Domingo González Lorenzo, do Hotel Balneario Caldaria, en Lobios, será o encargado de conducir o II Showcooking da castaña, que se desenvolverá de 14:00 a 15:30 horas. A actividade incluirá unha demostración culinaria en directo durante a primeira media hora e unha degustación posterior para as persoas participantes.



Piden que o segundo tramo do couto de Láncara sexa sen morte



O Club de Pesca Río Neira de Láncara volve reclamar que o segundo tramo do couto de pesca de Láncara, actualmente sometido a un réxime de pesca con morte, pase a ser un tramo de pesca sen morte e se integre no primeiro. A entidade defende esta modificación a partir dunha análise de datos sobre a presión pesqueira, a abundancia de troitas, a mortalidade e a estrutura da poboación.

Segundo explican desde o club, os seus socios levan solicitando esta medida nas asembleas xerais desde a creación da entidade. Ante a falta de datos que, segundo sinalan, lles foron facilitados pola Xefatura Territorial de Medio Ambiente de Lugo, decidiron recompilar información propia e oficial durante 2026 para avaliar a situación do río Neira.

O traballo incluíu 178 enquisas realizadas aos socios mediante unha aplicación informática para rexistrar as xornadas de pesca nos coutos de Valdriz, Láncara 1 e Láncara 2 ata o 15 de setembro. A análise completouse con datos de mostraxes de troita no río Neira realizadas en 2021 e 2022, así como cos resultados de campionatos celebrados en coutos conveniados coa Administración.

A partir desta información, a entidade asegura que os indicadores de esforzo pesqueiro, expresados en capturas por hora, e os datos de mortalidade, biomasa e estrutura poboacional apuntan a unha maior abundancia de troitas nos tramos de pesca sen morte.

O club considera que estender este réxime ao segundo tramo de Láncara permitiría aumentar a supervivencia dos exemplares reprodutores e favorecer a recuperación da poboación. Ademais, defende que esta alternativa se axusta aos resultados que manexa e constitúe a opción máis prudente para garantir a sustentabilidade do couto a medio e longo prazo.

A entidade tamén contempla unha segunda posibilidade: modificar o réxime de explotación actual sen establecer necesariamente a pesca sen morte. Porén, considera que esta alternativa achegaría melloras insuficientes para reverter a tendencia que observa na poboación de troitas.

En cambio, o Club de Pesca Río Neira advirte de que manter as condicións actuais podería ter consecuencias graves a curto prazo. A entidade cualifica ese escenario de "catástrofe para a poboación truiteira a curto prazo" e considérano "inviable desde o punto de vista biolóxico e de xestión", ao entender que aceleraría a degradación da poboación.

Por estes motivos, o club insiste en que o segundo tramo do couto de Láncara sexa declarado de pesca sen morte e quede integrado no primeiro, co obxectivo de favorecer a conservación das troitas e a sustentabilidade do río Neira.

O magosto popular será o 15 de novembro na Pobra de San Xiao

O Concello de Láncara organizará o domingo 15 de novembro un magosto popular na Pobra de San Xiao, unha cita pensada para compartir unha xornada de convivencia arredor da gastronomía tradicional galega.

A celebración comezará ás 14:00 horas no polifuncional do campo da feira, onde as persoas asistentes poderán degustar empanada, iscos, chourizos e castañas.

O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 12 de novembro. Terán prioridade as persoas empadroadas no municipio. A actividade conta coa colaboración da Asociación de Mulleres Rurais. A organización recomenda realizar a inscrición dentro do prazo establecido para facilitar a preparación da comida e a organización do encontro.



A iniciativa busca manter viva a tradición do magosto e ofrecer unha oportunidade para que a veciñanza se reúna arredor dos produtos típicos desta época do ano. A xornada combinará gastronomía e convivencia nun encontro aberto á participación da comunidade local, coas castañas como protagonistas dunha celebración arraigada na cultura galega.

a voz dos alcaldes

LÁNCARA: Darío Piñeiro

“Se coñeces ben o teu concello, non che fan falta programas”



O rexedor do segundo municipio máis poboado da comarca de Sarria quere seguir á fronte do Concello de Láncara outros catro anos máis



DATOS

HABITANTES: 2.489.
PARROQUIAS: 26.
EXTENSIÓN: 121,66 km².
PARTIDO XUDICIAL: Sarria.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE, 3 do PP e 1 do BNG.
ALCALDE. Darío Piñeiro.
VOCEIRA PP: Olga Capón.
VOCEIRO DO BNG. Miguel Fernández.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
No ano 2003 dous amigos meus e outro descoñecido para min dixéronme que tiña que ir a Sarria ás 8 da tarde. Entramos nun local, estaban os do PSOE, e dixéronme que tiña que ir nas listas do PSOE. Discutindo, decidimos que fora de terceiro, que de primeiro non quería ir. Así empecei. Sempre fun socialista de toda a vida. Así, entrei na Corporación municipal, na que daquela gobernaba o PP con maioría, pero nós sacamos 500 e pico votos.
Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?
O que era cabeza de lista, Javier, deixouno por temas de traballo, e elixíronme a min para ser voceiro. En 2007 dixéronme que tiña que ser cabeza de lista e funo. Así, saín elixido como alcalde ata que no 2009 fixéronme unha moción de censura, cando o PP recuperou a Alcaldía facendo un pacto co Partido Galeguista. Pero fun un dos únicos alcaldes que superou unha moción de censura, e recuperei a Alcaldía no 2015. No 2019 xa conseguimos maioría absoluta.
A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Moitísimos, a xente non se imaxina o que é. Estás no medio entre a administración e a veciñanza e levas as culpas todas do que se fai arriba. Unha das veces que peor o pasei no cargo foi co tema de Begoña, unha exconcelleira que presuntamente estafou a un construtor facéndose pasar por unha empregada dunha entidade bancaria e usando o teléfono do Concello. Iso afectoume profundamente, había días en que non durmía porque para min era como unha filla e confiaba nela. Incluso ela acusoume de facer eu unha montaxe contra ela, algo que nunca fixen nin faría a ninguén. Paseino moi mal.
E beneficios?
Pouco ten. O único bo é conseguir cousas para a veciñanza, é bonito e sénteste ben, tes ilusión por mellorar o concello, pero non sei se compensa. Ademais, en Láncara sempre houbo moito bulicio político.
Como equilibra a vida pública e a privada?
Moi mal, dedico 24 horas e 7 días a semana á política.
Cales son os seus obxectivos a nivel político?
A nivel político, teño os meus obxectivos políticos cumpridos, pero en principio presentareime á Alcaldía nas eleccións de maio.
E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?
Gustaríame renovar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, porque é un auténtico desastre, de feito a xente está pagando cotas excesivas ao ter moito terreo que pasou de rústico a urbano. O PXOM contempla 22.000 vivendas, pero quen as vai facer? Non contempla urbanizar solo na Pobra de San Xiao pero si na montaña, o que non ten sentido. A xente necesita terreo urbanizable na Pobra de San Xiao, o que permitiría o asentamento da poboación no municipio. Outro proxecto sería mellorar o polígono industrial para que se asenten empresas para que veña traballar.
Cales son as principais liñas do seu programa?
Eu nunca fun partidario de facer programa electoral porque prométense cousas moi xerais, eu prefiro traballar e buscar o mellor para o pobo, cada sitio necesita unha cousa diferente e concreta. Paréceme un papel cheo de promesas que ninguén cumpre. O importante é coñecer o concello. Se coñeces ben o teu concello como o coñezo eu, non che fan falta grandes programas.
Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Láncara necesita servizos, porque o concello non é capaz de dar uns servizos de boa calidade por si só, a Xunta debe axudar, por exemplo no SAF, pero tamén nas traídas de augas municipais, porque temos un problema en todos os concellos co saneamento. A Xunta nunca firmou un convenio con nós e necesitamos máis axuda, como podería haber un Plan Único como o da Deputación de Lugo. A fibra óptica estamos poñéndoa na zona rural, pero as empresas que fan ese labor non coñecen o territorio e é un desastre.
De que proxectos se sente máis orgulloso?
Moi orgulloso de conseguir mellorar as estradas e poñer asfalto quente, e tamén o tema do tren, que agora ten unha zona bonita, fixemos unha rotonda bonita e accesible que sorprende á xente que vén de fóra. Para min foron as obras máis importantes. Tamén conseguimos un segundo obradoiro dual de emprego co que se mellora o municipio. E os servizos sociais é o máis importante do concello, onde investimos máis diñeiro, xa que temos unha zona rural abandonada, queremos que sexa un concello para os veciños, para que estean ben e teñan servizos, tanto para os pequenos, os adultos e os maiores. Tamén estamos orgullosos da nosa Feira da Tenreira Galega de Láncara, xa que xunta á cidadanía, atrae xente de fóra, dá a coñecer o noso concello, e pon en valor o produto e o sector gandeiro.
Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
A xente ven a xunto de min, cóntanme a vida, séntense a gusto e estou contento con esa forma que teñen de verme e ilusióname a seguir.
Como é a súa relación coa oposición?
Con Miguel moi ben, e o PP sorpréndeme moito. Non sei se vive noutro planeta, porque moitas veces actúa con mala intención. Di cousas que non teñen coherencia, lanza mensaxes sen sentido; di cousas que son mentira e días como se fosen verdade.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
Teño dúas fillas, que é do que máis orgulloso me sinto
- **Profesión e formación**
Gandeiro
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Gandeiro
- **Que quería ser de maior?**
Futbolista
- **Que fai para desconectar?**
Estar só
- **Unha virtude e un defecto**
Leal e despistado
- **Un consello para compartir**
Que sexan felices
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
‘Ladrona de Vidas’, de Rocío López Núñez, as películas de ficción e a música galega
- **Unha afección**
Gústame o deporte, pero agora gústame máis a tranquilidade
- **Un lugar que visitar**
Gustaríame visitar Cuba, pero non podo polo que está a pasar
- **Unha comida e unha bebida**
De comida, todo, e unha copa de viño
- **Unha personaxe admirada**
Fraga, Carrillo, Suárez e Beiras. Son persoas que discutían, pero con educación, e chegaban a acordos
- **Unha posesión prezada**
A saúde
- **Un desexo**
Paz no mundo
- **Algo para esquecer**
Nunca fun rancoroso
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A lealdade
- **Un desafío pendente**
Nada
- **Onde se ve en cinco anos?**
En casa, descansando



DEPUTACIÓN

Reclama á Xunta que aporte máis fondos de compensación e máis vivenda pública

O pleno da Deputación de Lugo aprobou dúas iniciativas centradas en cuestións que afectan ao desenvolvemento territorial e ao benestar da cidadanía: a distribución do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e o impulso da vivenda pública da provincia. As dúas saíron adiante cos votos a favor de PSdeG, BNG e o deputado non adscrito, mentres que o PP votou en contra.

"Lugo necesita un reparto transparente dos fondos e investimentos que se traduzan en solucións reais para as persoas", valorou a presidenta da Deputación, Carmela López, antes do comezo da sesión. "Non entendemos como a provincia de Lugo leva tantos anos quedando a cero no Fondo de Compensación Interterritorial, que precisamente debe servir para compensar os desequilibrios entre territorios. E tampouco abonda con anunciar 350 millóns de euros para vivenda se despois non se executan cando temos 3.444 solicitudes de vivenda protexida na nosa provincia", engadiu.

No que ten que ver co FCI, o goberno provincial presentou unha proposta reclamando á Xunta de Galicia un modelo de reparto transparente e equilibrado, que teña en conta as



necesidades específicas da provincia de Lugo.

Socialistas e nacionalistas sacaron adiante a iniciativa na que instan á Xunta a que revise o modelo de asignación dos fondos a un proxecto único e os distribúa entre as provincias que máis o precisan. É necesario considerar as necesidades en materia de infraestruturas, equipamentos e servizos públicos á hora de establecer as prioridades de investimento, remarcaron.

García Porto instou á bancada da oposición, onde hai varios alcaldes, a preguntarse que modelo de reparto de fondos queren, contrapoñendo a práctica da Xunta co FCI ao Plan Deputación, que ten criterios obxectivos de asignación de fondos e que nalgunha época o PP quería atribuírse, lembrou a voceira socialista.

A iniciativa aprobada tamén inclúe a petición á Xunta para que informe no Parlamento sobre a xestión do FCI nos últimos anos e sobre o destino dos remanentes pendentes de execución desde 2020.

VIVENDA. A segunda iniciativa, presentada polo grupo socialista, busca que o Executivo autonómico incremente a promoción de vivenda pública na provincia e apoie medidas orientadas a facilitar o acceso a unha vivenda digna, tanto para as persoas inquilinas como para os propietarios. García Porto cifrou en 35.703 as persoas que están inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia, das que 3.444 delas pertencen á provincia de Lugo. Sinalou que, entre o 2010 e o 2023, a Xunta só promoveu 5.869 vivendas protexidas en toda a comunidade autónoma, cando é a a administración que ten as competencias nesta materia. "Menos anuncios e máis vivendas, porque o dereito a un fogar non pode quedar en promesas", subliñou.

O goberno provincial insta á Xunta a aumentar o ritmo de execución do orzamento que consigna para vivenda, que cree unha bolsa de vivendas públicas para atender situacións de urxencia social e que axude aos concellos a abordar novas problemáticas que son comúns e que teñen un impacto directo na oferta de vivenda, como a proliferación de vivendas de uso turístico.

Así mesmo, o executivo insta á Xunta a que apoie as medidas medidas impulsadas polo Goberno de España en materia de alugueiro, estabilidade dos contratos e protección fronte aos desafiuzamentos.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, respondeu á moción do PP sobre a creación dun departamento de fondos europeos lembrando que a Deputación de Lugo conta xa desde o 2019 cunha área de Proxectos Europeos e que, desde 2007, a institución xestionou 74 millóns de euros en fondos europeos. Tamén destacou a creación recentemente do Centro de Innovación Territorial, dotado con seis técnicos, para reforzar a captación de recursos e apoiar os concellos da provincia.

O grupo provincial do BNG chamou á participación na folga xeral convocada para o 11 de novembro para reclamar políticas que palien a suba dos alimentos e dos combustibles e faciliten o acceso á vivenda.

O pleno aprobou tamén unha moción do BNG que insta á Xunta de Galicia a incrementar a dotación de recursos e persoal do servizo de ambulancias. A portavoz nacionalista Iria Castro reclamou ao goberno galego que teña en conta a dispersión e a orografía da provincia na tramitación do novo contrato para a prestación do servizo. A deputada nacionalista explicou que "non chega con cumprir coas ratios de ambulancias por persoa, senón que cómpre ter en conta a dispersión e a orografía da provincia para garantir unha atención a situacións de emerxencia nos tempos axeitados".

O Plan Deputación ampliarase ata os 25 millóns de euros

O Plan Deputación para 2027 incrementarase en 2,75 millóns de euros, ao contar cunha dotación total de 25 millóns. A suba do 12,4 % respecto ao exercicio actual supón un aumento histórico fronte aos 250.000 euros anuais que se viñan engadindo ata agora. Ademais, os concellos poderán recibir anticipos de ata o 80 % dos fondos asignados, fronte ao 50 % actual, para dispoñer de máis recursos desde o inicio e executar as actuacións previstas.

O incremento beneficiará a 63 dos 67 municipios da provincia. Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro manterán os 600.000 euros que xa reciben, ao alcanzar o límite máximo establecido no plan. Tamén se conservará o actual sistema de reparto, baseado na poboación (40 %), as entidades singulares (25 %), a superficie (20 %) e o índice de envellecemento (15 %), así como unha achega mínima de 150.000 euros por concello.

O Plan Deputación é a principal ferramenta de cooperación económica da institución provincial cos municipios e permite financiar obras, infraestruturas e servizos municipais. Entre os ámbitos aos que se destinan estes fondos figuran a Axuda no Fogar, o emprego, a cultura, o deporte, a promoción turística, as feiras e mercados, a accesibilidade ou a protección civil. A presidenta, Carmela López, defendeu o aumento dos recursos para axudar os concellos a afrontar as necesidades da veciñanza, mentres que o vicepresidente, Efrén Castro, incidiu na importancia desta achega para soster a capacidade de investimento.



Comeza o proceso para integrar os cinco GES no Consorcio de Bombeiros

A presidenta da Deputación, Carmela López, xunto á deputada Pilar García Porto e persoal técnico da institución mantivo unha reunión con representantes dos GES (Grupos de Emerxencias Supramunicipais) para comunicarlles que, tal como se comprometeu publicamente hai uns meses, a Deputación está en condicións de iniciar o traballo coa Xunta de cara á integración destes grupos no Consorcio Provincial de Bombeiros, organismo do que forman parte ambas administracións.

A Deputación incluirá nos Orzamentos do próximo ano a partida económica que lle corresponde aportar á Deputación para esa integración. A outra metade debe ser consignada pola Administración autonómica, que hai uns meses solicitou a López unha proposta de reforma do Consorcio.

A Deputación conta xa con ese documento, que inclúe unha proposta de integración tanto de medios materiais como persoais, unha proposta de estrutura organizativa e unha folla de ruta, que pasaría pola creación dunha mesa técnica para a reforma administrativa e estatutaria do Consorcio.

Os Orzamentos de 2027 recollerán partidas que permitirán ampliar o cadro do persoal do GES de Cervo, tal como veñen demandando os traballadores deste servizo e o propio Concello. A Deputación garantirá a parte que lle corresponde aportar para pasar de 12 a 18 traballadores.

Igualmente, López cumpre co compromiso de empezar a traballar para dotar os concellos da Montaña dun parque de Bombeiros.

COMARCA

O GDR Ribeira Sacra-Courel aproba 34 proxectos dos LEADER



O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ribeira Sacra-Courel aprobou 34 proxectos da convocatoria LEADER 2026 que suman un investimento de 2.549.809,79 euros no territorio. A Xunta Directiva da entidade acordou conceder 1.321.508,38 euros en axudas para impulsar iniciativas empresariais, mellorar servizos e recuperar recursos patrimoniais e naturais.

Do total de propostas aprobadas, 12 corresponden a proxectos produtivos, que concentrarán 1.969.451,50 euros de investimento e recibirán 842.339,35 euros en subvencións. Estas actuacións permitirán crear 9,5 unidades de traballo anual (UTA) e manter outras 32,07, contribuíndo á continuidade de negocios e á xeración de novas oportunidades laborais no medio rural.

Os proxectos empresariais abranguen actividades moi diversas, desde o turismo e o aloxamento rural ata a gastronomía e a transformación de produtos agroalimentarios. Tamén se apoiarán actuacións para modernizar industrias cárnicas e adegas, iniciativas vinculadas á construción, á fabricación de remolques e aos servizos agroforestais.

A convocatoria inclúe ademais propostas para crear espazos de coworking, investigar e elaborar produtos botánicos e habilitar instalacións destinadas ao benestar, aos obradoiros e ás experiencias relacionadas coa natureza.

Esta variedade de iniciativas busca diversificar a actividade económica e aproveitar os recursos propios do territorio para favorecer o emprendemento e a creación de emprego.

As entidades públicas promoverán 14 proxectos non produtivos, cun investimento conxunto de 504.782,58 euros e axudas por importe de 420.671,58 euros. As actuacións estarán orientadas á renovación de espazos públicos, á recuperación e posta en valor do patrimonio, á creación e mellora de áreas recreativas e ao acondicionamento de equipamentos sociais.

Tamén se financiarán medidas de eficiencia enerxética mediante a incorporación de enerxías renovables. O obxectivo é mellorar as infraestruturas e os servizos municipais, facilitar o aproveitamento dos espazos naturais e reforzar o atractivo das localidades tanto para a poboación residente como para as persoas visitantes.

Outros oito proxectos non produtivos estarán promovidos por, principalmente, asociacións e comunidades de montes. Estas iniciativas mobilizarán 75.575,71 euros e contarán con 58.497,45 euros en axudas LEADER. Entre as actuacións previstas figuran a recuperación ambiental, a conservación do patrimonio natural e etnográfico, a creación de espazos de lecer e a promoción turística. Tamén se inclúen propostas para divulgar recursos identitarios da zona, como a Ribeira Sacra e o Camiño de Inverno.

Coa resolución desta convocatoria, o GDR Ribeira Sacra-Courel busca reforzar o tecido empresarial e asociativo, apoiar a conservación dos recursos locais e impulsar un modelo de desenvolvemento rural que combine actividade económica, creación de emprego e mellora da calidade de vida.

O BNG de Lugo levou a Bruxelas as demandas dos concellos rurais



Unha delegación de concelleiras e concelleiros do BNG de Lugo viaxou a Bruxelas para trasladar ás institucións europeas as principais necesidades dos municipios rurais da provincia. O grupo, encabezado pola alcaldesa de Samos, Chus López, mantivo un encontro coa eurodeputada galega Ana Miranda no marco das xornadas "Agricultura e Políticas de Cohesión Territorial: Dereito a Ficar na Terra, Vivenda, Transporte e Servizos Públicos".

Na reunión participaron tamén Iria Castro, concelleira en Castroverde e deputada provincial; Elvira Lombao, de Outeiro de Rei; Martín Gómez, de Becerreá; Ada Blanco, de Friol, e Tino Díaz, de Baleira.

Chus López destacou a importancia de levar estas demandas ás institucións comunitarias, xa que, segundo sinalou, "é o lugar onde se deciden moitas das políticas e dos financiamentos que afectan directamente aos concellos galegos". A alcaldesa lembrou que en Bruxelas se votou o acordo con Mercosur e se decidiu o reparto da Política Agraria Común (PAC), así como o destino de numerosas iniciativas relacionadas co desenvolvemento rural, a fixación de poboación e as infraestruturas.

A delegación trasladou a preocupación polos efectos do despoboamento e do envellecemento demográfico nos municipios máis pequenos e reclamou que as directrices europeas incorporen medidas específicas para responder a esta realidade.

A axenda inclúe tamén encontros de traballo co director xeral da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, Ricard Ramon, para abordar as demandas do sector agrogandeiro galego e o futuro orzamento da PAC.

"Viñemos dar voz aos problemas reais da veciñanza, buscar financiamento para mellorar a calidade de vida dos nosos concellos e garantir que as institucións europeas axuden a fixar poboación e ofrecer un futuro digno no rural", concluíu Chus López.

O Distrito Forestal IX Lugo-Sarria organiza un curso o 4 de novembro

O Servizo de Montes e o Distrito Forestal IX Lugo-Sarria da Consellería do Medio Rural organizarán o mércores 4 de novembro en Lugo un curso sobre a xestión de agrupacións forestais de xestión conxunta.

A iniciativa pretende afondar nunha ferramenta que favorece o aproveitamento ordenado e sostible do monte galego, así como a valorización e rendibilidade dos seus recursos.

A actividade desenvolverase en horario de tarde no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.

O programa combinará contidos técnico-administrativos con experiencias prácticas de agrupacións forestais en diferentes zonas da comunidade e en soutos de castiñeiro.

A xornada comezará ás 16.00 horas cunha intervención sobre os aspectos técnico-administrativos destas entidades, a cargo de Mª Carmen Paz Cornes, xefa da Sección de Organización da Propiedade da DXPOF da Xunta de Galicia.

Ás 17.00 horas, José Fernando Enjamio Gándaras, enxeñeiro forestal de SORTEGAL, explicará experiencias de agrupacións forestais de xestión conxunta no norte de Galicia.

A seguinte sesión, prevista para as 18.00 horas, centrarase na xestión conxunta dos soutos de castiñeiro. A encargada de impartila será Raquel Blanco Silva, xefa da área de soutos da DXPOF da Xunta de Galicia.

O programa pecharase ás 19.00 horas cunha exposición sobre as agrupacións forestais de xestión conxunta no sur de Galicia, a cargo de Hugo Rodríguez García, enxeñeiro forestal e director técnico de AMETLAM S.L.

VA
Vazquez Autos
pelayo
Agente Exclusivo
Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

A CIG convoca 17 mobilizacións con motivo da folga xeral do día 11



A Confederación Intersindical Galega (CIG) prepara a folga xeral do vindeiro 11 de novembro cunha convocatoria de 24 horas que estará acompañada de 17 mobilizacións en Galicia. No marco desta xornada de protesta, a organización sindical celebrou o pasado martes 27 de outubro unha asemblea aberta en Sarria para informar sobre os motivos da convocatoria e as principais demandas da clase traballadora.

O encontro tivo lugar ás 20.00 horas na Casa da Cultura e abordou cuestións como a necesidade de garantir salarios dignos, facilitar o acceso á vivenda, combater a precariedade laboral e mellorar a calidade dos servizos públicos, nun contexto marcado polo encarecemento do custo da vida.

Baixo o lema "Galiza en loita por unha vida digna", a CIG reclama á Xunta de Galicia e ao Goberno español a aprobación dun plan de choque que permita frear o deterioro das condicións de vida da poboación traballadora. Entre as súas reivindicacións figuran medidas para facer fronte á suba dos prezos, á pobreza salarial, ás dificultades para acceder a unha vivenda e á inestabilidade no emprego. A central sindical denuncia, ademais, que esta situación contrasta cos beneficios extraordinarios que continúa a obter o grande capital.

A folga estenderase durante 24 horas, desde as 00.00 ata as 24.00 horas do 11 de novembro, e afectará o persoal das empresas privadas e do sector público en todo o territorio galego, incluídos os ámbitos funcionario, estatutario e laboral. A convocatoria contempla adaptacións horarias para as empresas con quendas e para os medios de comunicación.

O PSdeG alega que os orzamentos non son xustos no ámbito sanitario nin en vivenda

A viceportavoz do Grupo Parlamentario Socialista, Lara Méndez, cualificou o proxecto de orzamentos da Xunta para 2027 como as contas "dun contable, dun burócrata", pensadas para equilibrar números e non para atender os problemas de Galicia, nun momento no que hai 36.833 persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivenda pública e máis de 420.000 pacientes nas listas de espera do Sergas.

Para Méndez, o proxecto, que o Goberno galego presenta como o máis alto da historia, con 15.158 millóns de euros, responde á lóxica da "enxeñería numérica" e non á dun goberno que queira realmente resolver os problemas. E insistiu en que "non hai investimento real que transforme absolutamente nada", e "o que non transforma non é capaz de paliar os problemas da xente".

Sinala as 36.833 persoas do rexistro de vivenda pública, que non teñen capacidade "xa non só para mercar, senón para alugar", unha lista que medrou en case cen persoas desde o venres e un 145 % desde que Rueda preside a Xunta.

Tamén puxo o foco nas máis de 420.000 persoas en lista de espera no Sergas.

O Museo Provincial cedeu a Valencia a 'Madalena penitente'



O Museo Provincial de Lugo (MPL) prestará temporalmente a escultura "Madalena penitente" para a exposición "Magdalena. Ni santa ni pecadora", organizada polo Museo de Belas Artes de Valencia e comisariada polo seu director, Pablo González Tornel. A mostra poderá visitarse ata o 14 de febreiro de 2027, cando a peza regresará a Lugo.

A exposición propón unha reflexión sobre os roles atribuídos ás mulleres ao longo da historia da arte a través da figura de María Madalena, representada desde cinco perspectivas: apóstola e pecadora, santa, penitente, intelectual e forte.

A escultura lucense compartirase con obras de destacados artistas como José de Ribera, Anton van Dyck, Gerard Seghers, o Greco e Francisco de Zurbarán. As pezas proceden de importantes institucións museísticas españolas e europeas, entre elas o Museo do Prado, a Galleria Nazionale d'Arte Antica di Palazzo Barberini e Palazzo Corsini, o Museo Nacional de Escultura e os Musei Capitolini de Roma.

A "Madalena penitente" chegou ás coleccións do Museo Provincial de Lugo grazas ao depósito realizado polo mecenas Adolfo Autric Amarillo de Sancho. A obra representa a santa seguindo a iconografía barroca e contribuíu a enriquecer os fondos de arte sacra da institución. Antes da súa chegada a Lugo, estivera exposta no Museo de Belas Artes de Córdoba.

A peza ten un valor especial para o museo lucense, xa que é a única obra atribuída ao escultor sarriao Gregorio Fernández que se exhibe nas súas salas, malia a orixe galega deste recoñecido imaxineiro. Actualmente pode visitarse de forma gratuíta na sala 6, onde se conserva nunha vitrina creada especificamente para a súa exposición.

Galicia terá 12 festivos laborais en 2027, pero ningún será en verán



O calendario laboral de 2027 xa permite coñecer as datas festivas que marcarán o próximo ano en Galicia. A comunidade contará con doce días non laborables de ámbito estatal e autonómico, aos que se sumarán os dous festivos locais que establece cada concello. A distribución das festas permitirá aproveitar varias fins de semana longas e organizar algunhas pontes ao longo do ano, aínda que non todas as celebracións favorecerán os períodos de descanso. O Día do Traballo, o 1 de maio, e o Nadal, o 25 de decembro, coincidirán en sábado.

A Semana Santa será unha das primeiras épocas destacadas do calendario laboral. En Galicia serán festivos o Xoves Santo, o 25 de marzo, e o Venres Santo, o día 26, dúas xornadas consecutivas que permitirán organizar varios días de descanso arredor da fin de semana.

O calendario inclúe tamén San Xosé, o venres 19 de marzo, e o Día das Letras Galegas, o luns 17 de maio. Esta última celebración, dedicada á lingua e á cultura galegas, permitirá prolongar a fin de semana. Pola contra, o 1 de maio, Día do Traballo, coincidirá cun sábado. O 25 de xullo non se contará como festivo, xa que coincide en domingo.

Xa en outubro, o martes 12, Día da Festa Nacional de España, poderá facilitar unha ponte para quen teña a posibilidade de coller libre a xornada anterior. Pola súa banda, o Día de Todos os Santos, o 1 de novembro, e o Día da Constitución, o 6 de decembro, caerán en luns, polo que permitirán gozar de tres días consecutivos de descanso. A Inmaculada Concepción, o mércores 8 de decembro, completará as celebracións festivas dese mes antes do Nadal.

A relación de festivos estatais e autonómicos prevista para Galicia en 2027 queda distribuída do seguinte xeito: o venres 1 de xaneiro será Aninovo; o mércores 6 de xaneiro, a Epifanía do Señor ou Día de Reis; o venres 19 de marzo, San Xosé; o xoves 25 de marzo, Xoves Santo; o venres 26 de marzo, Venres Santo; o sábado 1 de maio, a Festa do Traballo; o luns 17 de maio, o Día das Letras Galegas; o martes 12 de outubro, a Festa Nacional de España; o luns 1 de novembro, Todos os Santos; o luns 6 de decembro, o Día da Constitución; o mércores 8 de decembro, a Inmaculada Concepción; e o sábado 25 de decembro, o Nadal.

A estas doce datas haberá que engadir os dous festivos locais que determina cada concello en función das súas celebracións e tradicións. Estas xornadas poden variar dun municipio a outro e ofrecer novas posibilidades para organizar descansos e pontes ao longo do ano. Para coñecer o calendario completo de cada localidade será necesario consultar a relación oficial dos festivos locais correspondente a 2027.

Yolanda Díaz recibe o Premio Mestras e Mestres da Memoria



A XI Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, homenaxeou á sarria Yolanda Díaz e ao mindoniense Xulio Rodríguez, coñecido como "Xulio do Canelo", en recoñecemento ao seu labor a prol da cultura galega e da preservación da memoria colectiva.

Yolanda Díaz foi distinguida pola súa traxectoria de activismo galeguista en Uruguai, país ao que emigrou nos anos cincuenta. Durante esta etapa participou en diferentes iniciativas culturais, entre elas a publicación da Historia de Galicia de Otero Pedrayo, a creación do Teatro Popular Galego de Montevideo e o impulso do Patronato da Cultura Galega.

Pola súa banda, Xulio do Canelo, labrego de profesión, destacou polo seu compromiso político e sindical, así como pola súa implicación na recuperación da memoria histórica.

A proposta dos dous nomes partiu do Grupo de Traballo dos premios, integrado por Ana Acuña, Félix Castro Vicente, Carme Pernas Bermúdez, Calros Solla, Xurxo Souto, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Manuel Varela, Lois Pérez e Antonio Reigosa. O xurado salientou as achegas dos homenaxeados á conservación dunha parte esencial da memoria colectiva e dos saberes transmitidos entre xeracións.

A gala contou co acompañamento musical de Secho. Durante o acto, Lucía Arroxo e Antonio Reigosa encargáronse das *laudatio* dedicadas aos premiados, que recibiron o recoñecemento acompañados por representantes da AELG.

O Gran Sorteo do Pequeno Comercio de Lugo sorteará un coche

O Gran Sorteo do Pequeno Comercio de Lugo, unha iniciativa da Deputación e da Federación de Comercio de Lugo, busca incentivar as compras nos establecementos locais cun premio principal: un vehículo híbrido. O coche, que se deu a coñecer durante o acto, permanecerá exposto nesta praza ao longo de toda a semana.

A campaña estará en marcha ata o 30 de novembro. Para entrar no sorteo, será necesario realizar unha compra de polo menos 10 euros nun establecemento de comercio de proximidade da provincia e rexistrar o tícket na web www.sorteocomercio.es/coche.

O sorteo celebrarase ante notario o 3 de decembro no Pazo de San Marcos e celebrarase, na praza de San Marcos, o acto de entrega do vehículo á persoa gañadora.

Para dar visibilidade á campaña e facilitar que a cidadanía a coñeza en distintos puntos da provincia, o vehículo percorrerá varios concellos nas próximas semanas. A primeira parada será Burela, o 29 de outubro, seguida de Sarria, o 5 de novembro; Vilalba, o 12 de novembro; e Monforte de Lemos, o 26 de novembro.

Durante a presentación, o deputado Rivera Capón definiu a iniciativa como unha proposta "diferencial e innovadora" para chamar a atención dos consumidores e apoiar os pequenos negocios. O deputado lembrou as dificultades que afrontan as persoas emprendedoras para abrir establecementos e garantir o relevo xeracional, e destacou o labor da Deputación no apoio ao comercio e ao emprendemento.

Cando a sombra do Mestre ilumina o camiño

O ERRO COMO FORMA DE APRENDIZAXE E SUPERACIÓN



José Manuel Nunes

A costúmase considerar a figura do Grande Mestre, no imaxinario colectivo, como un referente pouco menos ca inmune ao erro. Porén, estes días ollei unha publicación dun Grande Mestre de Kung Fu a quen admiro desde a infancia e cuxo traballo coñecín a través das revistas e das cintas VHS de Budo Internacional. Nela, executa unha luxación de pulso na que, cunha man, envolve e fixa o pulso do adversario en canto, coa outra, aplica a luxación. A técnica non está correctamente executada.

A partir da formación complementaria que recibín e recibo doutras artes marciais, neste caso en cuestión, do Nihon Taijitsu, podo dicir que, nunha luxación deste tipo, a man que suxeita e envolve a boneca protexe precisamente a articulación que se pretende luxar, limitando a súa correcta aplicación. Pode producirse dor e mesmo certa "eficacia" circunstancial, mais a propia construción da presa introduce un elemento que neutraliza parte da acción mecánica que debería facer posíbel a luxación. Non é, polo tanto, que unha técnica correcta admita unha execución alternativa: no caso observado, hai unha deficiencia técnica manifesta. E, precisamente, por proceder dun Grande Mestre que admiro desde neno, o feito resultoume especialmente impactante, a falta doutro adxectivo que defina mellor esta sensación. Se un Grande Mestre comete un erro de base, necesariamente eu teño que estar cometendo moitos máis dos que xa supuña.

Isto evócame o que di a interpretación académica da 'Apología', onde sinala que Sócrates non debe ser entendido simplemente como alguén que sostén que "non sabe nada", senón como alguén que recoñece a súa ignorancia respecto das cuestións fundamentais e, por iso mesmo, somete as crenzas ao exame crítico, así como Karl Popper ofrece unha segunda clave ao entender o coñecemento como provisional, conxectural e permanentemente exposto á crítica e á refutación. O erro, lonxe de ser un accidente que cómpre agochar, convértese así nun instrumento para depurar o coñecemento. O erro dun mestre non destrúe o seu maxisterio; ao contrario, pode fornecer unha oportunidade extraordinaria para examinar con maior rigor aquilo que aprendemos del.

George Santayana escribiu que "a grande dificultade na educación é extraer experiencia das ideas". Aplicado estes pousos de coñecemento que aínda conservo da miña mocidade como estudante da Faculdade de Humanidades, á arte marcial, a frase adquire unha forza especial: a tradición só se converte en coñecemento cando é sometida á experiencia, á práctica e á reflexión. A perspectiva de Leibniz sobre as mónadas como expresións do universo desde puntos de vista singulares ofrece outra metáfora fértil neste sentido: cada tradición pode iluminar aspectos que outras deixan na sombra.



Un grande mestre ensina tanto polos seus acertos como polas súas carencias. Descubrir un erro nunha técnica transmitida por unha autoridade non debe levar á decepción, senón a unha maior autoesixencia. Posto que a fidelidade irreflexiva a unha única fonte pode perpetuar os erros, chego á reflexión de que a solución pasa por ampliar a mirada: aprender de varios mestres e escolar pasa por unha mirada endóxena, dentro dos múltiples sistemas que compoñen o Kung Fu os seus respectivos estilos, como fóra do mesmo, a través doutras artes marciais. O verdadeiro discípulo é o que honra ao seu Mestre indo máis alá del, desde o respecto; examina, contrasta e avanza una paso máis.

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323 redaccion@sarriaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

ELECCIÓNS XERAIS

Galicia debuxa un mapa electoral con menos listas ao Senado e con novas siglas e pactos

As catro provincias suman 40 candidaturas ao Congreso e 26 á Cámara alta, oito menos que as proclamadas en 2023



Galicia volve situarse ante unha cita electoral na que cada provincia debuxará o seu propio mapa de opcións políticas. O próximo 29 de novembro, os electores galegos escollerán os representantes que ocuparán os escanos do Congreso dos Deputados e do Senado nun escenario que conserva boa parte das siglas habituais, pero que tamén incorpora novidades e acordos capaces de modificar a oferta nas papeletas.

A primeira fotografía desta convocatoria deixa un dato significativo: 40 candidaturas ao Congreso e 26 ao Senado nas catro circunscricións galegas.

Pero escoller aos nosos representantes implica tamén escoller a un presidente para o Goberno central neste duelo polarizado unha vez máis entre o PP de Alberto Núñez Feijoo e o PSOE de Pedro Sánchez. O socialista adiantou as eleccións confiando en que o movemento social pola situación da vivenda e o sentimento "antifascista" xogue ao seu favor. Na súa contra está unha lexislatura terriblemente convulsa que as análises políticas auguran traerá un cambio de era para calquera dos dous candidatos segundo o que acorden as urnas o último domingo de mes.

Para Feijoo chegou o momento decisivo, no que ten que amosar que ten apoios para liderar o partido e o Estado e reforzar ao PP noutras eleccións moito próximas, as locais, que terán lugar no mes de maio.

Mentres os partidos perfilan as súas estratexias polarizando o voto entre as dereitas e as esquerdas, a poboación tamén mostra a súa postura sobre o que lles preocupa. A xuventude, que nos últimos tempos se mantivo un pouco lonxe da política, volveu saír á rúa para reclamar vivenda e dereitos, sen comprender como as súas preocupacións volven quedar de novo á marxe, para ser utilizados como arma arroxadiza na rivalidade política.

Pero votar á dereita ou votar á esquerda non supón, agás sorpresa, que sexa o que decida quen gobernará os destinos do Estado os próximos catro anos. A previsible falta dunha maioría absoluta para as dúas grandes forzas podería implicar que os partidos de menos representatividade podan servir como peza fundamental para pactar o futuro goberno.

Se de algo saben os últimos gobernantes é de pactos. De feito, o PSOE leva anos no poder, con menos votos que o PP, grazas ao apoio de partidos de menor representatividade na cámara. Por iso, nesta ocasión, os dous invocan o voto "útil" como a única forma de garantir a gobernabilidade.

O PP, pola súa banda, que só conta con VOX para sumar forzas, aspira a poder chegar entre os dous á prezada maioría, nun pacto xa de forma aberta.

Esta cita electoral será clave tamén para o BNG, xa que a formación necesita consolidarse en Madrid. Por iso, será un dos actores centrais da política galega, pero as eleccións xerais ofrecen unha medida diferente desa fortaleza. Segundo a media das enquisas para Galicia, o BNG situaríase arredor do 14 % dos votos e obtería dous deputados no Congreso. Nas xerais de 2023 conseguira o 9,4 % e un escano.

OITO SIGLAS EN TODA GALICIA

A oferta en Galicia volve ser ampla pero máis reducida que anos anteriores nestes comicios. Mentres que para o Congreso se mantén nunha dimensión semellante á das xerais de 2023, a Cámara alta experimenta unha redución máis acusada. Daquela proclamáranse 34 candidaturas ao Senado; agora son 26 as rexistradas.

O cambio responde, en boa medida, ao acordo entre o PSOE e Fronte Ampla, que concorren conxuntamente baixo a denominación Senado de Progreso, en lugar de presentar dúas opcións separadas.

O resultado é un panorama electoral no que a diversidade política segue presente, pero se distribúe de maneira desigual segundo a provincia e a cámara á que se aspire. En total, son 13 as formacións que concorren en Galicia. Oito delas estarán nas catro circunscricións, mentres que o resto limita a súa presenza a determinados territorios. Esta diferenza fai que a experiencia electoral non sexa exactamente a mesma para un votante de Lugo que para outro de Pontevedra ou Ourense.

A oferta ao Congreso apenas se afasta da rexistrada nos anteriores comicios. En 2023 presentáranse 42 candidaturas e finalmente proclamáranse 38. Nesta ocasión, as 40 listas distribúense entre as catro provincias, cunha concentración maior en Pontevedra e Ourense.

PP, PSdeG-PSOE, BNG, Fronte Ampla, Podemos, Se Acabó la Fiesta (SALF), Frente Obrero e Vox conforman o grupo de oito formacións que presentan listas ao Congreso nas catro provincias galegas. Son as siglas que permiten identificar unha oferta común para todo o territorio, aínda que a súa presenza non esgota as posibilidades que atoparán os electores en cada circunscrición.

Entre as novidades destaca Se Acabó la Fiesta. A súa presenza nas catro provincias galegas incorpora unha nova sigla ao escenario das xerais e amplía a oferta para os votantes que buscan alternativas ás formacións con maior tradición electoral.

Outro dos cambios é a presenza de Podemos por separado. A súa candidatura independente modifica a configuración do espazo político no que se sitúa a esquerda estatal e engade unha papeleta propia ás opcións dispoñibles. Ao mesmo tempo, o acordo entre o PSOE e Fronte Ampla ten un efecto especialmente visible no Senado, onde ambas as formacións se presentan baixo unha candidatura común.

Xunto ás oito formacións de ámbito galego, hai tres partidos ou organizacións que completan a oferta ao Congreso nalgunhas provincias: o Partido Comunista dos Traballadores da Galiza (PCTG), Escaños en Blanco, Por un mundo más justo e o Partido Animalista con el Medio Ambiente (Pacma). A súa distribución territorial explica parte das diferenzas no número de papeletas que haberá en cada circunscrición.



MENOS FRAGMENTACIÓN

A redución das candidaturas ao Senado é un dos elementos máis destacados destas eleccións en Galicia. Fronte ás 34 listas proclamadas en 2023, nesta convocatoria hai 26 rexistradas. O pacto entre o PSOE e Fronte Ampla explica boa parte deste descenso, ao unificar as dúas formacións nunha única opción electoral para a Cámara alta.

A oferta común en todas as provincias está formada por PP, BNG, Senado de Progreso, Vox e Podemos. Son as cinco papeletas que estarán dispoñibles para os electores de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A partir dese núcleo compartido, cada circunscrición incorpora outras candidaturas, o que fai que as posibilidades de elección varíen dun territorio a outro.

Pontevedra presenta oito listas ao Senado, Ourense 7 e A Coruña 6, con PCTG, Escaños en Blanco e Por un mundo más justo. Lugo, pola súa banda, queda con cinco.

A PARIDADE

Máis alá das siglas e dos acordos electorais, estas xerais incorporan un cambio na elaboración das candidaturas: a aplicación do sistema de listas cremalleira, que obriga a alternar mulleres e homes na orde das listas ao Congreso. A medida deriva da reforma da lexislación electoral en materia de representación paritaria e supón unha diferenza respecto ao sistema aplicado nos comicios de 2023.

Así funciona o sistema de votación en España: como se elixen o Congreso e o Senado

Os deputados elíxense mediante listas pechadas dentro de cada circunscripción electoral utilizando o sistema D'Hondt, mentres que na Cámara Alta combínase a elección directa coa designación das comunidades autónomas

O sistema electoral español establece un modelo mixto para elixir os seus representantes. A cidadanía vota de forma universal, libre, igual, directa e secreta, pero a forma de repartir os escanos e os criterios de elección son distintos no Congreso dos Deputados e no Senado.

O CONGRESO

O Congreso, composto por 350 deputados, é a cámara baixa e a que ten o maior peso na formación do Goberno. Os seus membros elíxense en 52 circunscricións electorais, que corresponden ás 50 provincias e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Cada provincia ten garantidos dous escanos iniciais, mentres que as cidades autónomas elixen un cada unha. O resto de deputados repártese en función da poboación. Os partidos presentan listas pechadas, polo que o elector vota unha candidatura completa. Os escanos adxudícanse mediante o sistema D'Hondt, un método proporcional que busca repartir os postos segundo o número de votos obtidos por cada formación en cada circunscrición. Ademais, é necesario alcanzar polo menos o 3 % dos votos válidos para participar no reparto de escanos.

O SENADO

O Senado, pola súa banda, é a cámara de representación territorial e está formado por 266 senadores: 208 elixidos directamente pola cidadanía e 58 designados polos parlamentos das comunidades autónomas.
Os senadores de elección directa elíxense en 60 circunscricións. A diferenza do Congreso, aquí utilízanse listas abertas, polo que o elector pode escoller candidatos concretos, mesmo de partidos diferentes. O número de votos que se pode emitir varía segundo a circunscrición: ata tres nas provincias peninsulares, dous nas illas maiores e un nas restantes illas e en Ceuta e Melilla. Os candidatos máis votados son os que resultan elixidos.
Os 58 senadores designados elíxense nos parlamentos autonómicos. Cada comunidade ten un senador inicial e outro máis por cada millón de habitantes.

A REPRESENTACIÓN

En resumo, no Congreso os votos repártense entre os partidos e convértense en escanos mediante un sistema proporcional por provincias. No Senado, a cidadanía vota candidatos individuais e resultan elixidos os máis votados. Esta diferenza fai que o voto teña consecuencias distintas nas dúas cámaras e que o sistema electoral español combine a proporcionalidade coa representación territorial.

A IMPORTANCIA DA POBOACIÓN

O sistema D'Hondt e a barreira do 3 % poden ter un gran impacto no resultado final. Un partido pode obter unha porcentaxe importante de votos no conxunto do Estado e, con todo, conseguir menos escanos dos que se podería esperar se os seus apoios están moi repartidos.
No caso do Senado, o número de senadores non é fixo, senón que varía segundo a poboación de cada territorio. As eleccións ao Senado teñen un carácter máis territorial, mentres que o Congreso reflicte mellor a proporción de votos a nivel estatal.
O sistema electoral español, en definitiva, busca equilibrar a representación da cidadanía, o peso da poboación e a realidade territorial do país, aínda que non está exento de críticas e debates sobre a súa maior ou menor equidade.



CANDIDATOS CONGRESO LUGO 2026

PP

1. Francisco José Conde López.
2. María Cristina Abades Martínez.
3. Jaime de Olano Vela.
4. María Alicia López Rodríguez.

Suplentes:
1. Francisco Javier Vázquez Nodal.
2. María Elena Sierra Pulpeiro.
3. Ramón Carballo Páez.

FRENTE AMPLO

1. Reyes Rodríguez García.
2. Miguel Martínez Cabaleiro.
3. Rosa Estefanía Pérez Fernández.
4. José Carlos Vázquez González.

Suplentes:
1. Noa Estévez Casqueiro.
2. José Antonio Rodríguez Añón.

SE ACABÓ LA FIESTA

1. María Ferreiro Carreiras.
2. Eladio José Méndez Garrido.
3. Olga Roldán Fernández.
4. David Martín Santillana.

PSOE

1. Patricia Otero Rodríguez.
2. Jorge Bustos Atanasio.
3. Eva Blanco López.
4. Ismael Carcedo Gómez.

Suplentes:
1. María Loureiro García.
2. Carlos López López.
3. Silvia Rodríguez Díaz.
4. Martín Mejuto Sobrado.
5. María del Carmen Ozores Vigide.

PODEMOS

1. Ximena Cheda Tuya.
2. Francisco Farias Hernández.
3. María Dolores Julià Carrasco.
4. Orencio Orosa García.

Suplentes:
1. Noelia Herrera Bruzos.

FRENTE OBRERO

1. Víctor Contreras Céspedes.
2. Mª Remedios Ranchal Matellano.
3. Fernando Damata Fernández.
4. Ainhoa Sánchez Larrañaga.

VOX

1. Jesús Primitivo Rodríguez González.
2. Nair Trastoy Cupeiro.
3. Marco Aurelio Castro Trigueros.
4. Ana María Ignacio Merchán.

Suplentes:
1. José Manuel Fernández Vivero.
2. Aida Marcos Arias.

BNG

1. Olalla Rodil Fernández.
2. Iago Suárez Fernández.
3. Inmaculada Castro Besteiro.
4. Severino Salgueiro Rodríguez.

Suplentes:
1. Mª Montserrat Porteiro Sánchez.
2. Manuel Luaces Fernández.
3. Beatriz Álvarez Sixto.
4. Bernardo Valdês Paços.
5. Rosa Ana Prieto Florines.
6. Fco. Javier Fanego Bermúdez.
7. Elvira Lombao Vila.
8. Pedro Rodríguez Romero.
9. Raquel Ferreira Álvarez.
10. David Díaz López.

CANDIDATOS SENADO LUGO 2026

PP

1. José Manuel Barreiro Fernández.
Suplente 1: Karin Mago Marcano.
Suplente 2: José Manuel Blanco Vila.

2. Dolores Castro Ochoa.
Suplente 1: Pablo Figueiras Reguera.
Suplente 2: Encarnación Bernal Marín.

3. Juan Carlos Serrano López.
Suplente 1: Rosa Mª Arza Rodríguez.
Suplente 2: Daniel Orosa Pico.

SENADO DE PROGRESO

1. César Alejandro Mogo Zaro.
Suplente 1: Marina Ramudo Graña.
Suplente 2: Miguel A. Crende López.

2. Paula González Fernández.
Suplente 1: Plácido Lizancos Mora.
Suplente 2: Libertad Fraga Grueiro.

3. Roberto Castro González.
Suplente 1: Lucía Villamor Lagos.
Suplente 2: Sergio López Ramudo.

VOX

1. Manuel Menéndez Mato.
Suplente 1: Seidy Seijo Vergara.
Suplente 2: Adolfo Yáñez Río.

2. María Jesús Sánchez Suárez.
Suplente 1: Julio Pérez Loureiro.
Suplente 2: Tahis Cambeses Abeledo.

3. José Miguel González Lemos.
Suplente 1: Mª Cruz Pérez González.
Suplente 2: Giovanni Lodos López.

PODEMOS

1. Fernando Otero Bello.
Suplente 1: Esther Gómez Rivera.
Suplente 2: Carlos Martínez Martínez.

2. María Isabel Vázquez Pérez.
Suplente 1: Mario Argüeso Galván.
Suplente 2: Mª Ángeles Gayoso Fraga.

3. Arturo Pérez Gutiérrez.
Suplente 1: Andrea Farias Asegurado.
Suplente 2: Salvador García Cebral.

BNG

1. Brenda González Fernández.
Suplente 1: Manuel Diéguez Vázquez.
Suplente 2: Wanesa Gómez Lourido.

2. David Ángel Villares Sánchez.
Suplente 1: Mónica Roca Ares.
Suplente 2: Jorge Macía González.

3. Candela López Piñeiro.
Suplente 1: Martín Gómez Souto.
Suplente 2: Pilar Vázquez Sánchez.

DEPORTES

A carreira popular Sarria 10K celebrarase o 13 de decembro



A carreira popular Sarria 10K cambia a data no calendario deportivo. A organización trasladou a celebración da proba ao 13 de decembro, despois de modificar a xornada inicialmente prevista, o 29 de novembro, debido á coincidencia coa convocatoria de eleccións xerais.

A competición, impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo e o Concello de Sarria, coa colaboración de CC Norte e Running Sarria, volverá ofrecer diferentes modalidades para facilitar a participación tanto de atletas habituais como de persoas afeccionadas ao deporte.

O programa comezará ás 10.30 horas coas categorías sub14 e sub16, que deberán completar un circuíto de 2.500 metros. Dez minutos máis tarde será a quenda dos participantes sub10 e sub12, cun percorrido de 1.500 metros. Ás 10.45 horas coincidirán a saída da carreira de 5 quilómetros e a proba dos máis pequenos, que percorrerán 200 metros. Un minuto despois iniciarase a andaina, tamén de 5 quilómetros.

A distancia principal, de 10 quilómetros, arrancará ás 11.00 horas. O paseo do Malecón e a rúa da Liberdade, no núcleo urbano de Sarria, concentrarán o desenvolvemento da xornada.

Na edición anterior, a cita reuniu arredor de 500 participantes nun trazado integramente urbano, caracterizado pola súa rapidez. Na categoría absoluta masculina, Jorge Puig Malvar acadou a primeira posición, por diante de Jarno Pousada Troitiño e Ismael Viéitez Porto.

A SD Sarriana pon en marcha unha nova Escola de Tecnificación específica para benxamíns e alevíns

A SD Sarriana pon en marcha unha nova Escola de Tecnificación específica para xogadores e xogadoras das categorías benxamín e alevín, unha iniciativa destinada a reforzar a formación deportiva dos máis novos e novas a través dun traballo específico e adaptado ás súas necesidades.

As sesións levaranse a cabo durante as tardes dos venres e estarán centradas na mellora das habilidades técnicas e tácticas, así como no desenvolvemento individual de cada futbolista, fomentando valores como o esforzo, a disciplina e a aprendizaxe.

A iniciativa estará dirixida por Iván Noé e busca ofrecer aos participantes unha oportunidade de para seguir medrando como futbolistas nun ambiente de traballo, ilusión e compañeirismo.

As persoas interesadas en recibir máis información ou formalizar a inscrición poden contactar con Iván Noé no teléfono 616 098 612.

A SD Sarriana continúa apostando pola formación e o desenvolvemento dos seus xogadores e xogadoras desde as categorías de base.

Monarca, novo adestrador da SD Oural



A Sociedade Deportiva Oural de Sarria conta cun novo adestrador. Pedro, coñecido como Monarca, asume a dirección do equipo para iniciar unha nova etapa na que o club buscará afrontar novos retos e seguir defendendo as súas cores con ilusión e compromiso.

A entidade sarriá deulle a benvida ao novo técnico e desexoulle a maior das sortes nesta nova aventura deportiva. "Chega o momento de traballar xuntos, afrontar novos retos e seguir defendendo estas cores coa máxima ilusión, compromiso e orgullo", sinalou o club na súa mensaxe de presentación.

Ao mesmo tempo, a SD Oural quixo agradecer a Jorge e Xanares o traballo, a dedicación e o compromiso demostrados durante a súa etapa na entidade. O club trasladoulles o seu agradecemento por formar parte da familia do Oural e desexoulles o mellor no futuro.

A SD Paradela celebrará a Festa do Socio o 7 de novembro

A SD Paradela xa prepara a súa Festa do Socio, que terá lugar o sábado 7 de novembro no mercado gandeiro.

A celebración reunirá socios e veciñanza arredor dunha xornada gastronómica e festiva con actividades para diferentes públicos.

O programa comezará ás 13:00 horas coa sesión vermú, mentres que a comida está prevista para as 15:00 horas. O menú estará composto por callos, tenreira e sobremesa.

A festa contará tamén cunha actuación musical, inchables para os máis pequenos e sesión de DJ, co obxectivo de prolongar o ambiente festivo durante a xornada.

As persoas interesadas en asistir poden reservar praza a través dos seguintes teléfonos: Adrián (662 258 443), Miguel (648 458 101), Javito (685 442 612), David (628 387 095), Rubén (660 809 517) e Carlos (617 564 223).

Con esta iniciativa, a SD Paradela segue promovendo o deporte e a vida comunitaria no municipio.

A AC Taekwondo Sarria iniciou a tempada con dez medallas

A AC Taekwondo Sarria iniciou a nova tempada de competicións cunha destacada actuación no Open Vila de Moaña 2026, onde conseguiu un total de dez medallas entre as probas de combate e técnica.

Na xornada do sábado, dedicada ao combate, Pablo Ferreira acadou a medalla de prata na categoría infantil P5 masculina, mentres que Izan Rigueiro conseguiu outra prata en precadete P9 masculino. Tamén participou nesta xornada Mario Fernández.

O domingo foi a quenda das probas de técnica, nas que o equipo sarriao sumou oito medallas. Martín Varela proclamouse vencedor na categoría benxamín masculina e tamén conseguiu o ouro xunto a Carla Rodríguez na modalidade de parellas RFET A. Brais Lombar acadou outro ouro na categoría cadete infantil masculina.

As medallas de prata foron para Sergio Castro, en benxamín masculino, mentres que Aylén Pumarega e Sergio Castro lograron o bronce na modalidade de parellas RFET A. Carla Rodríguez tamén conseguiu o bronce en benxamín feminino, ao igual que a parella formada por Brais Lombar e Claudia Fernández na categoría RFET B e Mateo Fernández na categoría sénior 1 masculina.



Con este resultado, o AC Taekwondo Sarria regresa á competición tras o parón do verán cun balance de dez medallas e un inicio de tempada positivo.

MOOTO ESPAÑA. Alex, adestrador da AC Taekwondo Sarria, comezou esta semana unha nova etapa deportiva ao incorporarse ao equipo de Mooto España como deportista de taekwondo.

O sarriao compartirá esta experiencia coa súa compañeira Laura, coa que se converterá nun dos dous deportistas de España que forman parte deste equipo nesta modalidade.

A incorporación supón un recoñecemento á súa traxectoria deportiva e unha nova oportunidade para afrontar os retos e eventos previstos para esta tempada.

Karem Saa, a xogadora que leva o fútbol sala no sangue, inicia unha nova etapa en Portugal

Aos 18 anos, a deportista acumula títulos nacionais e afronta un novo reto no fútbol sala portugués, coa ambición de seguir medrando e coa Selección Portuguesa no horizonte

Jessica Fernández

O fútbol sala forma parte da vida de Karem Saa desde que era unha nena. A xogadora sarriá, de apenas 18 anos, leva practicamente toda a súa vida ligada a este deporte, no que xa conseguiu importantes éxitos e agora comeza unha nova etapa en Portugal.

Cunha traxectoria marcada polo traballo, o compromiso e o apoio da súa familia, a deportista afronta este novo desafío coa ilusión de continuar progresando e de chegar o máis lonxe posible nunha paixón que, como ela mesma recoñece, é moito máis ca un deporte.

A súa historia comezou nos Meigallos, o equipo no que deu os primeiros pasos con só cinco anos e no que permaneceu ata a categoría infantil, arredor dos dez anos, cando aínda podía competir nun equipo mixto. Aquela primeira etapa foi fundamental para construír os alicerces dunha carreira que non deixou de medrar. Despois incorporouse ao Adarve, un equipo feminino de Lugo no que xogou durante dous anos, antes de fichar polo Castro de Ribeiras de Lea, onde permaneceu catro tempadas.



No seu palmarés figuran títulos de campioa de España, de Copa e de Liga en categoría xuvenil, ademais dos campionatos de Liga e de Copa que conseguiu na categoría cadete

Tras esa etapa, Karem decidiu facer unha pausa de oito meses para coller folgos. Unha vez rematada a tempada, chegou o momento de buscar novos retos e trasladouse a Ourense, onde competiu catro anos no equipo Cidade das Burgas, dos cales dous foron en Segunda División Nacional. Este curso tiña previsto continuar na categoría co equipo de fútbol sala de Arnoia, pero xurdiu unha oportunidade de diferente: incorporarse a un conxunto feminino portugués que milita en Preferente, o GD Boticas, unha categoría inferior, pero cun proxecto que aspira a ascender á Segunda Nacional nun futuro.

O cambio supón un novo paso na súa carreira e unha oportunidade para seguir medrando nun deporte no que xa deixou pegada. No seu palmarés figuran títulos de campioa de España, de Copa e de Liga en categoría xuvenil, ademais dos campionatos de Liga e de Copa que conseguiu na categoría cadete.

UNHA PAIXÓN QUE VÉN DE FAMILIA. Se hai algo que explica a relación de Karem co fútbol sala é a súa familia. O seu pai e varios dos seus familiares, especialmente o seu tío materno, tamén xogaron a este deporte, unha influencia que a acompañou desde pequena e que contribuíu a que atopase nel a súa vocación.

Por iso, a etapa nos Meigallos ocupa un lugar especial nos seus recordos. Foi alí onde comezou a practicar un deporte que hoxe considera inseparable da súa vida e onde se asentaron as bases dunha traxectoria que a levou a competir en diferentes equipos e categorías.

No terreo de xogo, Karem destaca pola rapidez, a técnica e a explosividade, cualidades que lle permiten adaptarse a distintas posicións. Pero, por riba do brillo individual, ela reivindica o valor do grupo e a importancia de ser unha boa compañeira. "A min gústame máis ser compañeira que lucirme a nivel individual, aínda que son capaz de moverme en calquera posición, son universal", explica.

A súa prioridade nesta nova etapa é contribuír ao crecemento do equipo e axudar a que poida alcanzar o obxectivo do ascenso á Segunda Nacional. A nivel persoal, tamén ten unha meta que lle gustaría cumprir no futuro: "Gustaríame competir coa Selección Portuguesa", declara.

O ESFORZO DA FAMILIA. A traxectoria de Karem non se entende sen o esforzo que hai detrás de cada adestramento, cada desprazamento e cada competición. A súa nai, Jeny, coñece ben os sacrificios que implica acompañar unha carreira deportiva desde a infancia e considera que o apoio familiar é esencial para que unha moza poida chegar a este nivel.

"Non hai pobo en Galicia e en España que non percorrésemos os fins de semana", lembra. Nos últimos tres anos, os desprazamentos a Ourense convertéronse nunha constante, con viaxes ata catro días á semana. Na etapa no Castro, a familia acudía diariamente aos adestramentos, ademais de acompañala nas fins de semana de partido.

Agora, o escenario cambia e Karem vivirá en Portugal para continuar coa súa carreira deportiva. Un paso que tamén supón unha nova adaptación para a familia, despois de anos de dedicación, tempo e investimento económico para que puidese seguir xogando. "Agora vai vivir ela en Portugal, pero houbo un proceso no que tivemos que investir tempo e moito diñeiro para que puidera xogar", sostén Jeny.

Ese esforzo prolongado é unha das razóns polas que a xogadora e a súa familia lamentan a falta de recoñecemento institucional que, segundo denuncian, recibiron por parte do Concello de Sarria. A nai asegura que a deportista nunca foi recibida polo goberno local, nin sequera despois de proclamarse campioa de España.

"Aínda que xogase nun equipo que non era do concello, as xogadoras de Castro, que moitas tampouco eran dese concello, foron recibidas polas autoridades dos seus respectivos municipios e foron recoñecidas", explica.

Jeny relata que chegou a falar co alcalde, Claudio Garrido, para pedirlle que recibise a súa filla e recoñecese os seus logros. Segundo conta, volveu solicitalo cando Karem regresou co título e a medalla de campioa de España, pero a resposta foi que o recoñecemento se faría na Gala do Deporte, unha celebración que, segundo indica, deixou de organizarse en 2022.

A nai da xogadora destaca, pola contra, o interese mostrado por Carmen José López, voceira do PP, que foi, segundo sinala, a única que se interesou por recibir a Karem e recoñecer a súa traxectoria deportiva.

O FÚTBOL SALA COMO SENTIDO DA VIDA. Malia os sacrificios que acompañan o deporte de competición, Karem ten claro que quere seguir dedicándose ao fútbol sala. A súa nova aventura en Portugal é un paso máis nun camiño que espera prolongar durante moitos anos, primeiro coa intención de probar a experiencia na liga portuguesa e, máis adiante, coa ilusión de chegar á Primeira Nacional española.

A súa ambición é continuar avanzando mentres o corpo e as circunstancias llo permitan, sen perder a esencia que a acompañou desde nena: gozar do xogo e sentirse parte dun equipo.

"É a miña vida. Levo desde sempre dedicándome ao fútbol sala, gústame moito, desfruto e, ademais, ao ser meu pai e outros familiares xogadores de fútbol sala, eu sinto que é algo que vén desde antes de nacer, e é o que teño que facer, o sentido da miña vida", afirma.

"Levo desde sempre dedicándome ao fútbol sala, gústame moito, desfruto e, ademais, ao ser meu pai e outros familiares xogadores de fútbol sala, sinto que é algo que vén desde antes de nacer"

Con só 18 anos, Karem Saa abre así unha nova páxina da súa historia deportiva. Faino cun palmarés que xa avala o seu talento, cunha familia que leva anos acompañándoa en cada paso e coa ilusión de seguir medrando nun deporte que sente como propio. Portugal será agora o escenario no que tratará de continuar construíndo o seu futuro, coa mirada posta en novos retos e coa mesma paixón coa que comezou a xogar cando só tiña cinco anos.

DE RUTA EN RUTA

Ruta da Lagoa de Pallares de Barreiros

O itinerario permite descubrir a riqueza das aves e das paisaxes costeiras e revela un gran legado arquitectónico

A ruta da Lagoa de Pallares, en Barreiros, combina a beleza da paisaxe litoral coa riqueza natural da ría de Foz-Masma e cun conxunto de elementos patrimoniais que axudan a comprender como se vivía neste territorio.

O itinerario discorre por unha contorna de grande interese ecolóxico, situada entre a influencia do mar Cantábrico e os espazos rurais do interior. A ría constitúe un hábitat fundamental para numerosas especies, especialmente para as aves que atopan nela un lugar no que alimentarse e repousar durante os desprazamentos migratorios ou no que permanecer nos meses máis fríos. Estas condicións fan deste enclave un destino destacado para os afeccionados á observación ornitolóxica.

A importancia ambiental deste espazo está recoñecida a través de distintas figuras de protección. A ría forma parte da Rede Natura 2000 e conta coas designacións de Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Ademais, está recollida no inventario de zonas húmidas de Galicia e no catálogo internacional de áreas importantes para as aves, coñecido polas siglas IBA. Ao longo da camiñada, varios puntos permiten achegarse ás marxes do esteiro e contemplar a variedade de plantas e animais que habitan neste ecosistema.

Entre os lugares que se poden descubrir durante o percorrido destaca a pequena Lagoa de Pallares, que dá nome á ruta. Este espazo húmido engade un novo atractivo á camiñada e contribúe á diversidade paisaxística dun itinerario no que a auga, a vexetación e a actividade humana comparten protagonismo.

A ruta arrinca no aparcadoiro situado xunto ao campo de fútbol do Cascabeiro. Desde alí, o camiño continúa en dirección norte ata chegar a un cruceiro de pedra, punto no que hai que coller unha estrada local cara á esquerda. A partir dese momento, o trazado descende progresivamente cara ás inmediacións da ría, onde se suceden diferentes lugares desde os que admirar a paisaxe e observar con calma a fauna e a flora da contorna.

Despois de percorrer este sector natural, o itinerario pasa pola zona de Pallares e volve achegarse á lagoa a través dun tramo asfaltado. A continuación, a ruta desvíase cara aos núcleos de Vilar e A Áspera, dando paso á parte na que o patrimonio histórico e etnográfico adquire unha maior presenza.

Nesa segunda metade do percorrido, as construcións tradicionais convértense nun testemuño da relación que as persoas mantiveron durante séculos coa terra e cos recursos da contorna. Casas, hórreos, antigos lavadoiros, igrexas, pombais e cruceiros forman parte dun legado que permite coñecer mellor os costumes, as crenzas e as formas de organización da vida rural. Cada un destes elementos achega información sobre o pasado da zona e sobre a maneira na que as distintas xeracións foron construíndo a súa identidade colectiva.

A ruta da Lagoa de Pallares ofrece así unha oportunidade para coñecer Barreiros desde unha perspectiva que vai máis alá da súa fachada costeira. A riqueza ornitolóxica da ría de Foz-Masma, a presenza de pequenos espazos húmidos e a arquitectura popular dos seus núcleos rurais confluén nun percorrido que convida a camiñar sen présa e a descubrir tanto os valores naturais como as pegadas culturais da Mari-





DATOS

- 2 horas
- 5,5 quilómetros
- Dificultade moderada

